

# SANDIÁS, A LAGOA DE ANTELA E

# nós



Alexander de los Ríos Conde



# **SANDIÁS, A LAGOA DE ANTELA E NÓS**

**Alexander de los Ríos Conde**

**Inclúese unha biografía inédita de Urbano Santana  
e unha escolma de textos de:**

**Urbano Santana Feijoo**

**Vicente Risco**

**Ramón Otero Pedrayo**

**Florentino López Cuevillas**



**Concello de Sandiás**

Edita: Concello de Sandiás

Estudo, recopilación de textos e deseño: Alexander de los Ríos Conde

© Alexander de los Ríos Conde, herdeiros de Urbano Santana Feijoo, Fundación Vicente Risco, Fundación Otero Pedrayo, Editorial Galaxia e herdeiros de Florentino López Cuevillas

Imaxe de portada: detalle dun mapa da Limia debuxado por Vicente Risco

Depósito legal: OU 139-2021

## **LIMIAR**

Este ano conmemoramos o centenario da aparición da revista Nós. Nesta celebración tan significativa para a Cultura galega achegarémonos á biografía do único veciño de Sandiás que participou nesa prestixiosa publicación: Urbano Santana, autor do "Resume xeneral de Folk-Lore de Sandiás". Con este traballo tamén tentamos cumprir o ambicioso obxectivo de recopilar todo o que se escribiu sobre o concello de Sandiás e a antiga Lagoa de Antela na revista Nós e nas numerosas obras dos autores da "Xeración Nós".

## **AGRADECEMENTOS**

Esta obra non tería saído ó prelo sen a iniciativa de José "Pepe" Pérez Gándara, concelleiro sandianés de Cultura, e sen o patrocinio do Concello de Sandiás, representado polo seu alcalde Felipe Traveso.

Por outra banda, quero agradecer a colaboración de tódalas outras persoas e institucións que dun ou doutro xeito contribuíron a crear este pequeno libro:

Á familia de Urbano Santana –nomeadamente a algúns dos seus fillos (Chus, Miguel Ángel e Lourdes)– por aportar datos biográficos e material gráfico. Tamén ó director do Instituto Otero Pedrayo por permitirme acceder ó seu arquivo, onde atopei o expediente académico de Urbano.

Á Fundación Vicente Risco e ó seu expresidente Luís Martínez-Risco Davila.

Á Fundación Otero Pedrayo (nomeadamente ó seu expresidente Juan Luis Saco) e á Editorial Galaxia (e ó seu director Francisco Castro), depositaria dos dereitos de autor de Don Ramón.

A Margarita Tovar-López Cuevillas, neta de Florentino López Cuevillas.


E, a título póstumo, ós autores da Xeración Nós ós que debemos recoñecer eternamente a súa contribución para sentar as bases da Cultura galega.

O autor

## ÍNDICE

<b>I. A REVISTA NÓS</b> .....	<b>6</b>
<b>II. URBANO SANTANA FEIJOO, REPRESENTANTE DE SANDIÁS E A LIMIA NA REVISTA NÓS</b> .....	<b>7</b>
II.1. Nacemento e primeiros anos en Sandiás .....	7
II.2. Alumno da “Academia de Santa Marina” en Xinzo de Limia .....	7
II.3. Alumno da “Escuela Normal de Maestros” de Ourense .....	9
II.4. Discípulo de Vicente Risco.....	9
II.5. Política, República e Guerra Civil.....	10
II.6. Matrimonio e descendencia .....	12
II.7. Licenciatura en Dereito. Avogado e mestre .....	12
II.8. Últimos anos .....	13
II.9. O “Resume xeneral de Folk-Lore de Sandiás” .....	13
<b>III. VICENTE RISCO</b> .....	<b>29</b>
III.1. Na Limia .....	29
III.2. Sandiás e A Limia na “Geografía general del Reino de Galicia” .....	30
III.3. O peinador da Moura no monte das Cantariñas en “Da mitoloxía popular galega. Os mouros encantados” .....	40
III.4. Un caso de licantropía (o home - lobo).....	40
III.5. A ferraya no “Arquivo Filolóxico i etnográfico de Galiza” .....	41
III.6. Cousas da Limia .....	41
III.7. “Descanso en el camino y viajes a pie” .....	42
III.8. “Antioquía en la Limia – No ha habido una sola Atlántida” .....	42
<b>IV. OTERO PEDRAYO</b> .....	<b>45</b>
IV.1. A Limia e Sandiás na “Guía de Galicia” .....	45
IV.2. A Limia en “Un intresante itinerario d’un viaxe a través de Galicia no século XVIII” .....	47
IV.3. A Limia en “Arredor da Céltiga inmorrente” .....	48
IV.4. Fauna da Limia en “Encol do elemento animal na paisaxe” .....	48
IV.5. A Lagoa de Antela en “O cisne viaxeiro” .....	49
IV.6. A Limia en “El auténtico trabajador” .....	50
IV.7. A Lagoa de antela en “Ría, Rin” .....	51
IV.8. A Limia en “Borborín, Borborás, si non calas, chorarás” .....	51

IV.9. A Lagoa de Antela en “O aicionista e o fidalgo”.....	52
IV.10. O río Limia en “Por os vieiros da saudade”.....	53
IV.11. A Limia en “Paisajes y comarcas gallegas”.....	53
IV.12. A Limia en “La ruta de los románticos castillos de Orense”.....	53
IV.13. A Lagoa de Antela en “El planto asulagado”.....	54
IV.14. A Lagoa de Antela en “Se quiebra el mágico cristal”.....	55
IV.15. A Limia na “Historia de Galiza. Xeografía”.....	56
IV.16. A Lagoa de Antela en “Orense”.....	57
<b>V. FLORENTINO L. CUEVILLAS</b> .....	<b>58</b>
V.1. O miliario de Zadagós en “Un novo miliario”.....	58
V.2. Sobre a Prehistoria da Limia en “As mámoas do concello de Rairiz”.....	60
V.3. Restos romanos en La Limia.....	61
V.4. Los misterios de la laguna Antela.....	62
V.5. Límica.....	63



## I. A REVISTA NÓS

Non poderíamos comezar esta obra sen falar, aínda que sexa brevemente, sobre a revista "Nós", cuxos principais autores (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Florentino Cuevillas, Losada Diéguez) conforman o que Ricardo Carballo Calero denominou "Grupo Nós" e tamén se coñece como "Xeración Nós".<sup>1</sup>

Como contou o propio Vicente Risco na Revista *Céltiga* de Buenos Aires en 1926, a idea da revista "Nós" xurdiu dunha conversa entre Risco, Castelao, Ramón Cabanillas e Losada Diéguez no Café Méndez Núñez de Pontevedra na primavera de 1920. A súa materialización levouse a cabo en Ourense porque era un lugar de singular pulo galeguista.<sup>2</sup>

O día 30 de outubro de 1920 saía o primeiro número de Nós e nas súas "Primeiras verbas" xa indicaba o rumbo que iba a ter:

"Nós ha de ser a representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra. (...) Nós abre as súas páxinas a prestixiosas personalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a súa colaboración e tamén a informar ó público galego do movemento das ideas no mundo civilizado".<sup>3</sup>

Se os poetas Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal son considerados os artífices do "Rexurdimento" da lingua galega no século XIX, sobre os autores do "Grupo Nós" pódese dicir que levaron ás letras e á cultura galega ata a súa madurez e consolidación noutros ámbitos (científico, narrativo, teatral,...) a principios do século XX.<sup>4</sup>

A cidade de Ourense foi o punto neuráxico onde se localizaban a redacción, administración e dirección da revista (esta última tarefa sempre recaiu en Vicente Risco). Polo tanto, non é estraño que na publicación abunden os temas relativos a esta provincia e colaboradores ourensáns<sup>5</sup>. Castelao levaría a dirección artística e o deseño editorial da publicación.

No relativo a Sandiás e A Limia, o principal aporte en dita revista é o que fai o noso veciño Urbano Santana, como veremos a continuación máis polo miúdo. Por último, achegarémonos a unha escolma de textos nos que Risco, Otero e Cuevillas falan da nosa comarca limiá, da Lagoa de Antela e de Sandiás.

---

<sup>1</sup> GARCÍA NEGRO, María Pilar, *El grupo Nós*, Madrid, 2018.

<sup>2</sup> VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, Afonso, *A Revista Nós e o Museo. Peza do mes. Xaneiro*, Ourense, 2020.

<sup>3</sup> *Nós*, n.º 1, Ourense, 30/10/1920, páx.2.

<sup>4</sup> GARCÍA NEGRO, María Pilar, *El grupo Nós*, Madrid, 2018, páx. 11.

<sup>5</sup> VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, Afonso, *A Revista Nós... op. cit.* A publicación saiu de varias imprentas: primeiro dende Ourense e Pontevedra (ata xuño de 1923), logo dende A Coruña (entre xullo de 1925 e febreiro de 1931) e, finalmente, dende Santiago de Compostela (dende marzo de 1931 ata decembro de 1935).



## II. URBANO SANTANA FEIJOO, REPRESENTANTE DE SANDIÁS E A LIMIA NA REVISTA NÓS

“Pena que en cada unha das freguesías de Galicia non houbera un Urbano Santana, mozo e galeguista, que ordenase de recoller o corpus etnográfico, ou parte del, que estaba vivo na cultura das persoas nos anos da República. A lectura desa aportación etnográfica, feita agora n’ *A Torre do Castro*, fíxome pensar como sería a vida do seu autor (...)”<sup>6</sup>

A reflexión anterior, feita polo escritor Xosé Luis Méndez Ferrín, é un bo punto de partida para comezar esta investigación sobre a biografía deste veciño de Sandiás cuxo “Resume xeral do folklore de Sandiás”, que se publicou na revista NÓS, constitúe unha aportación dun valor incalculable sobre a cultura deste concello.

### II.1. Nacemento e primeiros anos en Sandiás

O noso protagonista nace o 19 de decembro de 1911, probablemente na casa dos seus avós, situada na intersección entre as actuais rúas da Lagoa e da Igrexa e do Camiño do Souto en Sandiás. É fillo de Juan Santana Manso, de Sandiás, e de Plácida Feijoo Domínguez, de Lampaza (Rairiz de Veiga). Tivo outros seis irmáns e irmás<sup>7</sup>.

Case con toda seguridade, estudou na escola primaria de Sandiás.

### II.2. Alumno da “Academia de Santa Marina” en Xinzo de Limia

Un dos froitos inesperados desta investigación foi atopar unha institución educativa pioneira na Limia que caera no olvido. Trátase da denominada “Academia de Santa Marina”, ubicada en Xinzo e na que estudou Urbano Santana, nela preparou o exame de ingreso á Escola Normal e Instituto. Estamos a falar do primeiro centro de ensinanza secundaria coñecido na historia da comarca da Limia<sup>8</sup>.

Descoñecemos canto tempo estivo operativa esta academia, pero no ano 1952 fúndase outro colexio na mesma capital comarcal que leva tamén o nome de “Santa Marina”.<sup>9</sup>


---

<sup>6</sup> MÉNDEZ FERRÍN, X. L., “A colleita etnográfica de Urbano Santana” no *Suplemento “El Sabado”*. *Faro de Vigo*, 23/08/2014. Recollido do blog de Xavier Feixoo (<http://nocorazondaantela.blogspot.com/2014/08/a-colleita-etnografica-de-urbano.html>).

<sup>7</sup> Datos facilitados polos descendentes de don Urbano.

<sup>8</sup> *El Pueblo gallego: rotativo de la mañana*, n.º 1.376, 18/7/1928, páx. 13. O seu fundador fora o administrador de Correos don Lino Arcos García, con outros dous profesores que tamén tiñan outras profesións: Emilio García Núñez (médico) e José Vázquez Veloso (xeefe de Telégrafos).

<sup>9</sup> MARTÍNEZ CERREDELO, E., *Colegio Santa Marina de Xinzo de Limia*, consultado en (<https://historiadexinzo.wordpress.com/2016/09/09/colegio-santa-marina-de-xinzo-de-limia/>)



Retrato de Urbano Santana na súa xuventude

### **II.3. Alumno da “Escuela Normal de Maestros” de Ourense**

Non atopamos datos sobre os estudos de Urbano Santana durante os cursos 1928-29, 1929-30 e 1930-31. Segundo relatán os seus fillos, estudou no Seminario de Os Milagros (Baños de Molgas). Tamén pudo estudar o Bacharelato no Instituto de Ourense.

No arquivo do actual Instituto Otero Pedrayo atopamos a súa certificación personal de estudos na Escola Normal de Mestres, firmada o 12 de decembro de 1932 pola directora do centro nesas datas (Concepción Ramón Amat) e polo secretario do mesmo (Modesto Vázquez González). Nesta certificación consta que Urbano ingresou na Escola “en concepto de Maestro y su virtud de haber aprobado el examen verificado al efecto en este centro durante los días 23 al 30 de noviembre de 1931”.<sup>10</sup>

No curso 1931-32 o Goberno da Segunda República Española pon en funcionamento un novo e moderno plan de formación dos ensinantes, en substitución do que estaba vixente dende 1914.<sup>11</sup> Consta que nese curso Urbano estudou as asignaturas: Elementos de Filosofía, Psicoloxía, Metodoloxía das Matemáticas, Metodoloxía da Lingua e Literatura Española, Metodoloxía das Ciencias Naturais, Música, Debuxo, Traballo Manual e Labores e Ampliación facultativa de Idiomas. Ó rematar o curso foi calificado co número seis na lista de méritos dos alumnos.

No período 1932-33 cursou: Psicoloxía e Hixiene, Pedagogía, Metodoloxía da Xeografía, Metodoloxía da Historia (que impartía o profesor Vicente Risco), Metodoloxía da Física e Química, Música, Debuxo Traballos Manuais e Labores e Ampliación facultativa de Idiomas. Acadou o número tres na lista de méritos no devandito curso.

Na súa etapa de estudante nesta Escola pertenceu á “Asociación del grado profesional de Magisterio” e en abril de 1932 impartiu unha conferencia relacionada coa bioloxía, que titulou “Desenvolvemento filogenético y ontogénico del hombre”.<sup>12</sup>

### **II.4. Discípulo de Vicente Risco**

O profesor da Escola Normal de Maxisterio de Ourense don Vicente Risco propuña que o programa escolar dunha escola galeguista debía ter unhas características específicas para crear unha conciencia integral de Galicia no alumnado. Partindo do ensino en galego, tratará de crear conciencia de país incorporando contidos relacionados coa nosa propia xeografía, historia, literatura, arte, folclore e tradición popular,...<sup>13</sup>

O primeiro paso para o alumnado de Risco sería coñecer a súa propia terra, a Xeografía de Galicia. Tomar conciencia dos recursos naturais galegos

---

<sup>10</sup> Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense, Expediente 155/1.15.

<sup>11</sup> CID FERNÁNDEZ, X. M., *Educación e ideoloxía en Ourense na II República*, Santiago de Compostela, 1989, páx. 21.

<sup>12</sup> *Vida gallega, ilustración regional*, n.º 520, 10/5/1932, páx. 34.

<sup>13</sup> FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Vicente Risco: mestre de mestres*, Ourense, 2014, páx. 181.

contribuiría ó progreso socio-económico, ademáis de fomentar o amor á terra. Unha vez coñecida a nosa xeografía, poderíase pasar a coñecer a do resto de España e a Universal. Asegura que este proceso é o máis adecuado para a psicoloxía infantil. Á Xeografía seguiríalle a Historia de Galicia (a “que máis pode contribuir a valorar Galiza ós ollos dos seus fillos”) cunha metodoloxía moi semellante, porque ambas se interrelacionan no obxectivo de fomentar o espírito galeguista no alumnado. Moi influído pola metodoloxía activa e intuitiva da *Institución Libre de Enseñanza*, o estudo da historia comezaría coas tradicións galegas e o que os alumnos coñecen sobre o seu propio pobo, continuaríase con biografías de galegos ilustres, que podían servir como modelos para os rapaces, e visitas guiadas a monumentos e museos. Estes coñecementos servirían para eliminar o complexo de inferioridade galego e porían a base para comprender mellor a outros pobos e culturas<sup>14</sup>.

### **II.5. Política, República e Guerra Civil**

Dende 1933 é mestre de séptima categoría na Limia. Cobraba 3.000 pesetas.<sup>15</sup>

Curiosamente, tamén atopamos certo paralelismo entre a actitude política de Urbano Santana e a de Vicente Risco. Segundo apunta o investigador Edelmiro Martínez Cerredelo, durante os anos da II República, Santana mantén unha ideoloxía esquerdista, incluso foi membro da Sociedade Agraria de Sandiás e tesoureiro do partido Unión Republicana, que formaba parte do Frente Popular. Pola contra, tras o golpe militar que dera lugar á Guerra Civil (tal vez por medo como tantos outros) defende a posición dos golpistas. Malia isto, é acusado ante a Comisión Depuradora de Persoal de Maxisterio Primario, entre outras cousas porque “siempre hizo manifestaciones izquierdistas”. Entre os informantes na súa defensa atópase outro mestre de Sandiás (José María Penín Añel, quen anos despois se convertería no seu sogro), o cura párroco Darío Miranda e o médico de Xinzo Moisés Mathé Ramos. Dende a fronte de guerra, na que militou no bando sublevado contra a República, o propio Urbano manda unha carta para defenderse:

“(…) Hasta la noche del 17 al 18 de julio de 1936 en la que estalló el Glorioso Movimiento Nacional (que hoy se complace en apoyar en 1ª línea de combate) y con personas de la familia, con el Sr. cura Párroco de Sandianes; D. Agapito Feijoo, actual alcalde de aquel ayuntamiento y con alguna persona más, igualmente de orden, hemos salido a la calle para enfrentarnos con los elementos de desorden (miembros de la asociación de referencia [Sociedade Agraria de Sandiás]) (...)”

---

<sup>14</sup> FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Vicente Risco: mestre... op cit.*, pp. 182-189

<sup>15</sup> *Primer escalafón de maestros de escuelas nacionales existentes en 31 de diciembre de 1933*, Madrid, 1934, páx. 16.



Don Urbano cos seus alumnos de Vilariño das Poldras a mediados da década dos anos 40

Cando rematou a Guerra Civil o Xeneral Xefe do Exército franquista outorgoulle a Santana unha "Medalla de la campaña y Cruz de Guerra" por "los servicios prestados y méritos contraídos en la campaña de liberación de España". Militou na División 74 do 15 Batallón do Rexemento de Infantería de Mérida n.º 35<sup>16</sup>.

O 23 de outubro de 1941, a Comisión Superior de Expedientes de Depuración propón a confirmación de Urbano no seu cargo anterior á Guerra Civil: mestre en Xinzo.

Non hai constancia de que Santana fora militante da Falanxe, o único partido político admitido durante o franquismo.

### ***II.6. Matrimonio e descendencia***<sup>17</sup>

O día 12 de xullo de 1945, Urbano contrae matrimonio en Ourense con Concepción Penín Villarino (Sandiás, 16/11/1920 - 10/01/2000). Concepción era filla de José María Penín Añel, mestre en Sandiás, e de M<sup>a</sup> Asunción Villarino González, mestra en Couso de Limia. Ámbolos pais de Concepción naceran na parroquia de Santiago de Rubiás (Calvos de Randín), antiga capital do Couto Mixto. A muller de Urbano Santana seguiu o oficio familiar e foi mestra nas escolas sandianesas de Cerredelo e Santa Ana, na de Ludro (Rairiz de Veiga), etc...

A parella formou una numerosa familia de 12 fillos e fillas: Manuela, M<sup>a</sup> Concepción, Juan José, Jaime (falecido o 30/12/1996), María Lourdes, Plácida, Urbano Antonio, M<sup>a</sup> Jesús, Salomé, Miguel Ángel, M<sup>a</sup> Belén e Cristina.

### ***II.7. Licenciatura en Dereito. Avogado e mestre***

Semella que a docencia non lle satisfacía económica e/ou intelectualmente e no ano 1948 obtén o título de licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.<sup>18</sup>

Dende mediados dos anos corenta, Urbano Santana exerce o maxisterio primario na escola de Vilariño das Poldras e, a partir de 1949, combínao co exercicio da avogacía nun bufete aberto en Xinzo de Limia. Esta circunstancia, unida á súa enemistade co Primeiro Tenente de Alcalde de Sandiás e co Alcalde de Xinzo de Limia, fan que estes denunciaren un suposto abandono da escola de Vilariño ó Ministerio de Educación Nacional, o que motiva a orde de 30 de xullo de 1956 na cal se lle sanciona a Urbano coa separación do servizo de mestre por un ano e traslado de residencia. Santana recorre esta orde cun recurso de reposición, no que aporta un informe exculpatorio do cura párroco de Couso de Limia e declaracións de diversos

---

<sup>16</sup> Tal e como consta nun diploma que conserva a familia de Urbano.

<sup>17</sup> Agradezo á familia Santana Penín a aportación dos datos deste apartado.

<sup>18</sup> Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Expedientes persoais de alumnos, Leg. 1.361, Exp.

veciños de Xinzo nas que din que atende o seu bufete únicamente en días e horas compatibles co seu exercicio como mestre. Finalmente, o Ministerio dalle a razón ó mestre e devólveselle o seu emprego e soldo en setembro do mesmo ano.<sup>19</sup>

### **II.8. Últimos anos**

Por unha información do xornal *La Región*, sabemos que o 25 de novembro de 1967 don Urbano foi homenaxeado polos seus compañeiros cunha "comida de hermandad" no bar Maragón (de Xinzo) con motivo da súa xubilación voluntaria coma avogado, cando contaba con 56 anos de idade.

Don Urbano faleceu o día 21 de novembro de 1989, pouco antes de cumprir os 78 anos de idade.

### **II.9. O "Resume xeneral de Folk-Lore de Sandiás"**

Se por algo destacou Urbano Santana, foi por deixar para a posteridade o seu estudio do "folklore" de Sandiás.

A revista *Nós* tiña unha sección chamada "Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza", nela interviron variados autores e, entre os anos 1928 e 1931, incorporou algunhas "Respostas a un cuestionario" que Risco distribuíra entre os seus alumnos. Concretamente, publicáronse as de seis parroquias: Mundil (Cartelle), Velle (Ourense); Riomuíños (Quintela de Leirado); Moreiras (Toén); Caneda (Monforte de Lemos) e Sandiás.<sup>20</sup>

O propio Risco explicaba así a súa decisión:

"O ano pasado propuxen eu ós meus alumnos de Historia da Escola Normal d'Ourense, un cuestionario en resume, anque comrepto, comprendendo os principás puntos d'etnografía e folk-lore pr'o estudo d'unha bisbarra ou d'unha freguesía, para que o encheran perante o punto de Natal. Obtiven respostas verdadeiramente intresantes, e NÓS vainas agora pubricar inteiras, sen dividila materia arredrando os diferentes puntos, por ser de máis comenencia o presentalos todos en xunto os de cada bisbarra, formando un corpo coma forman na realidade. As respostas viñeron algunhas escritas en galego, outras en castelán e outras parte en castelán, parte en galego. Eiquí darémolas naturalmente en galego, respitando en verbas e frases escritas pol-os nosos alumnos as formas e a grafía por

---

<sup>19</sup> "ORDEN de 28 de septiembre de 1956 por la que se dispone estimar parcialmente el recurso interpuesto por el Maestro nacional don Urbano Santana Feijoo", no *Boletín Oficial del Estado*, n.º 328, Madrid, 23/11/1956, pp. 7.435 e 7.436. É curioso observar como dos vinte e cinco pais de alumnos citados a declarar en Vilariño das Poldras "no compareció más que uno, manifestando que la enseñanza ha estado atendida por sustitutos, aunque al Maestro se le veía con frecuencia por el pueblo", o que podería indicar certo medo dos veciños desa localidade a levarlle a contraria ó alcalde elixido "a dedo" polas autoridades franquistas da provincia.

<sup>20</sup> MUSEO DO POBO GALEGO (Ed.), *Alicerces nº13. Respostas a un cuestionario*, Noia, 2001, páx. 5.

iles empregadas, e deixando en castelán as que n-iste idioma foron ouvidas dicir á xente.”<sup>21</sup>

Aínda que a sección “Arquivo filolóxico e etnográfico...” mantense ata o penúltimo número da revista no ano 1935, as “respostas” deixaron de publicarse no 1931. Isto non quere dicir que Risco deixara de pedirllas ós seus alumnos, como poden demostrar os catro caderniños coas respostas a un “Cuestionario del Folk-Lore Gallego” escritos no ano 1932 por tres alumnas da Escola Normal da zona de Bande e outra de Entrimo, que se custodian no Museo do Pobo Galego.<sup>22</sup>

Afortunadamente para o concello de Sandiás, as últimas respostas de alumnos das escasas elexidas por Risco para publicar na revista *Nós* foron as recollidas polo noso veciño Urbano Santana. Como vimos anteriormente no seu expediente da Normal, non nos consta que Risco lle dera clases de Historia a Urbano ata o curso do ano 1932-1933, polo que é unha incógnita cómo chegaron a publicarse estas respostas no ano 1931. Probablemente, sería nun curso preparatorio para ingresar á devandita Escola Normal.

Aínda que Urbano Santana só o dividiu en dous amplos apartados (A terra, a xente, a Historia, literatura popular, etc...”, e “Costumes da xente, Relixión, superstición,...”), a estrutura do “Resume” é a seguinte:

- Introducción
- Xeografía física e humana. Niste apartado inclúe referencias ó Castelo de Sandiás e ás súas lendas, ó pazo de Espido (nas Pegas) e o do Penedo (en Vilariño das Poldras), á lagoa de Antela e á lenda de Antioquía
- Antropoloxía. Descrición física da xente de Sandiás e a súa antroponimia (nomes, apelidos e alcumes ou “motes” máis frecuentes)
- Historia. Referencias á Guerra de Independencia contra os soldados franceses e ó carlismo
- Ditos, refráns e contos
- Antropoloxía culinaria. Descrición de como era o almorzo, xantar, merenda e cea da poboación de Sandiás, a diario e durante as festas.
- O Entroido

---

<sup>21</sup> *Ídem*, páx. 7.

<sup>22</sup> MATEOS VARA, M.ª I. e MÉNDEZ GARCÍA, R. M.ª, “O Arquivo de Xaquín Lorenzo no Museo do Pobo Galego: Unha escolma dos documentos alleos” en *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 41, Ourense, 2017, pp. 47 - 49. Unha parte do arquivo persoal de Vicente Risco foi parar ás mans do seu amigo Xaquín Lorenzo (“Xocas”) quen, á súa vez, doouno ó Museo do Pobo Galego, onde se conserva na actualidade. Entre os manuscritos e debuxos orixinais de Risco, atópase tamén un caderniño co texto mecanografado do guión a seguir na elaboración do “Cuestionario do folclore galego”, o proxecto apoiado polo Seminario de Estudos Galegos desde a Sección de Etnografía que dirixía don Vicente. Alí foron a parar tamén catro documentos coas respostas ao Cuestionario de catro alumnas das zonas de Bande e Entrimo.



- A vestimenta
- Arquitectura. Casas e palleiras de terróns
- As cociñas
- As cortes
- Apeiros de labranza
- Santos principais: San Antonio, San Benito, San Miguel, Santa Ana e Santa Magdalena. Con especial referencia á capela do San Benito da Uceira e ás súas festas "de Marzo" e "de Seitura". Contos sobre o San Pedro e San Antonio
- Lendas: a procesión de ánimas (Santa Compañía), a fonte do Mouro, o ouro do pozo do Castelo de Sandiás e a cobra da fonte da Cruz de Cardeita
- Plantas medicinais

A continuación, trascribimos o "Resume xeneral de Folk-Lore de Sandiás":

"O propoñerme faguer un resume xeneral de costumes (Folklore) do pobo en que m'alcontro ei d'advertir qu'e un traballo d'investigación que dada sua dificultade e relativa importancia, debera estar encomendado a persoa máis capacitada científicamente para sair ben do fregado; pero, se non ha de ser unha cousa dina d'aprauso e menos de pubricación, cando menos téñas'en conta a boa intención con que o fago anque solo sexa por contribuir e cooperar, nos poucos alcances que sexa posible, a unha laboura tan necesaria e útil en moitos conceptos.

Por outra parte, téñas'en conta que, o faguelo no linguaxe do país, éste é tal e como se fala eiquí, pois tamén así reflexará o mesmo tempo un elemento de folk-lore.

Non se me culpe ademáis por'as faltas d'escritura, pois dad'a pouca práctica d'escribir o galego, xa que non se pode salir da casa sin ir armados do castelán pra zampalo en calquera esquina, hayas d'haber boas.

A TERRA, A XENTE, A HISTORIA, LITERATURA POPULAR, ETC...

O pobo está situado (na carretera de Villa castín a Vigo) a unha légoa tirada despois de Xinzo, indo pr'Ourense; está a caída, como se for'amurallado por'o NW. d'unha montaña ou mellor dito, un sistema complicado de montes interrompidos por fondanadas, pero o chan do pobo é case llano como señalando a proximidad'Antela.

Según se vai por'a carretera pra Xinzo antes d'andar un km. a man dereita hay un pequeno pobo da parróquea asentado n'un monte pequeno (monte de Coalloso) chamado Coalloso. Seguindo enderredor do pobo a caída do monte do Coalloso xa no sitio llano vai a carretera a Celanova, partindo da outra desd'a veira mesma do pobo, n'esta carretera está o pobo de Couso que anque forma parróquea aparte é diste Ayuntamiento, está formado de barriadas con nomes distintos (a Manuela, o Tellado, o Pereiro, a Lamardeira,

etc...); a un lado separado do pobo hay un casarío (o Telleiro), é pazo, de Eduardo de Cea Naharro (q. e. p. d) ten o lado unha capilla q non está o pé mesmo da carretera.

O comunal que hay a un lado e outro da carretera esta, "de Couso" chámanlle "as Santas", y'a continuación seguindo a dirección indicada ver "o Pegal", "o Rigueirodalén", "Valadoblanco", esto subindo xa o "monte de Picos", no fondo d'íste, baixando por'o naciente hay unha depresión pequena, q ven o "Monte d'as Areas" e o do "San Benito", ondo está a capilla d'íste Santo (San Benito d'Ouceira), por debaixo esténdese unha fondada "os Vales", "os Muíños"; por esta fondada corre a auga con forza e alí hay varios muíños en ruina e dous qu'inda moen cando lle cheg'auga; despois levántase o "monte d'Ouceira", ond'está situado un pobo composto de duas ou tres casas e leva o mesmo nome do monte; a continuación métes'o "monte da Raña" e "o do Castro", a así imos xa chegando outra vez a carretera pero por'o N. do pobo.

Atravesad'a carretera seguindo a mesma dirección alcóntrase a unhos 500 metros d'ela un pequeno pobo da parróquea (Santana) y'a pequena distancia empez'a levantar'so "monte da Torre" e por il extendido por'o S.W. está o pobo do Castro e no alto do monte hay un castillo, o do Castro (antiquísimo castillo de Sandiás) o que lle falta unha arista (esquina). «Foi feito, según boca dos vellos, por'os mouros cand'o de Pena que está de frente a unhos 7 km. pouco máis ou menos o Sur d'eiquí, meténdose por'o tanto a Veiga (Laguna Antela) no medio. Fixeron por debaixo da terra unha carretera desd'unh'outra torre e por ela andan os mouros d'un lado pra outro. Cand'os fixeron, os ferreiros de Pena e máis do Castro, pr'apuntar os picos non tiñan máis que un (martillo) martelo pr'os dous e arreglábanse con él tirándoyo desd'unha a outra cando lles faguía falta». Portas d'entrada non ten outras que algunhas ventanas a alturas diversas pero bastante grandes. E os vellos contan que cando seus avós eran mozos xuntaron varias escadas e subiron a éla, e un que se chamaba "o tío Curcumba" paseábase por'o alto d'ela e foi un mouro e marchoulle c'un zapato sin que o visen.

Se desd'este monte da torre tiramos unha línea reuta hast'o de Coalloso, esta línea cai completamente n'unha llanada; a caída do primeiro monte, xa na llanura e aprouximadamente na línea señalada está o lugar de Pegas, e na mesma línea, aislada do pobo pero máis cerca d'as Pegas que de Sandiás hay unha casa antígoa (casa d'Espido), vella, mitá caída, larga, piso furado, bastante alta (de dous pisos) un ou varios escudos por fora e no medio da fachada unha pedra alta especie de torre en pequeno; esta casa pertenceu a un tal D. Joaquín Sotelo Valledor, e hoxe é do Penedo (Sres. Marquina co'as fincas que a'compañan e foron da casa xa desd'hay moito tempo); a casa está inhabitada y'as fincas andan arrendadas. O lado hay unha capilla pequena c'unhas columnas e unos recimos dependurados (din os rapaces que son cangallos d'uvas), (é a Sta. Magdalena) a que se lle fai por'os d'as Pegas unha festa todos aquiles anos que chega o que se xunta

pidindo por'a parróquea, pois se non chega o recaudado, e non o como o mayordomo da festa, queda pr'o ano seguinte.

Si desde Sandiás tiramos unha línea reita que pase por'as Pegas e a dobre distancia pouco máis ou menos alcontramos o pobo de Cardeita, dividido en varias seuciós de grupos de casas soparadas (o Tesiño, a Carreira, Os Perces...). Dos pobos da parróquea é iste o que s'alcontra máis cerca da Veiga e por eso teñen feito os vellos do pobo unas escavaciós en busca d'aberes; pois dice que antiguamente había n'a Veiga unha ciudá (Antioquía) que tuvo Dios que castigala porque vindo por'o mundo pidindo unha limosna non alcontrou máis que unha familia que lla dira, que foi a que se salvou do alago mandada sair por Dios sin que volverán a cabeza pr'atrás; pero un da familia desacatou a orden do Noso Señor entonces volveuse pedra. Pero cando a xente iba co gando pr'a Veiga íballes verrecar ond'a pedra, que despóis foi recollida por'o convento de Trandeiras»... Os de Cardeita alcontraron n'esas escavaciós unha trabe, un pote vello, un pozo con escaleiras e non sei si outras cousas... Os autuales non dan razón de tales alcontros, sólo dín «contaban os vellos».

A xa nomeada carretera que vay pra Xinzo, un Km. despóis de Coalloso, alcóntrase coa Veiga (Laguna Antela) e crúzaya n'unha extensión de dous Km. e medio; o ir a dereita qued'a veiga de Couso, e a esquerda empeza a extenderse a veiga de Sandiás con distintos nomes (o Areal, Antela, Arrotea, Valadiño, o Teso; e despois a das Pegas, a de Cardeita, etc.) todas sin límites señalados e fixos.

Perpendicular a carretera (e por tanto na mayor extensión) extendes'a "ría" (Río de pouca corrente, pantanoso, e separado en dous por unha govia de trozos discontínuos) n'ela hay unha especie de xuncos chamados "o vión" que moito e saegado e traido pra votar na corte e faguer esterco, y'encanto está na Veiga cómeno as vacas. Esta "ría", que no inverno ocupa casi toda a Veiga e no verán ven a desaparecer por completo quedando sólo algunhos pantanos, sopara duas partes distintas, "o Cabo d'Arriba" (N.) e "o Cabo d'Abaixo"; éste tamén está dividido en dous por unha demarcación, o N. pertenece co "Cabo d'Arriba" os pobos indicados, e o S. pertenece a Xinzo, Barouzás, Morgade, Pena...

Desde xempre, o vir a primaveira, que vai quedando reducid'o domiño das augas, mantén bos rebaños d'ovellas e alí pacen tamén tod'o día as vacas dos veciños que se adican a labregos, como é de suponer, todos de quitad'o cura y'o maestro. Antes había tamén moitas bestas e boas «a herba d'a Veiga faille moito ben á besta», pero, hoxe ise número xa é ben máis pequeno y'está diminuindo, debido a que as mulas y'os cabalos non defenden por'o baixo precio que teñen na feira.

Tod'arredor, o pobo está bordeado de terra labrada, onde se dan boas cosechas de centeo, navos, algún millo e principalmente patacas qu'é a fartura do país.

A xente, con respecto a estatura presenta moita variedade, e non se pode con facilidade precisar que tipo é o que predomina, pero en homes según as Estatísticas de Quintas a altura media é de unos 1'62 m., e o diámetro torácico por regra xeneral moi desenvolvido. En xeneral é robusta, y'en canto a outros detalles físicos non s'alcontran diferencias c'os especifiquen, en conxunto nin soparadamente, pois por exemplo hay certo predomiño do pelo negro sin embargo tamén hay quen'ó ten rubio; e non s'alcontra en ningún carácter un tipo de xente ben definido, o principal carácter é a variedade.

Os nomes máis frecuentes son: José, Manuel, Antonio, Juanito; María, Dolores, Carmen, Isabel, Josefa, Ana M<sup>a</sup>..., sin que esto queira decir que non apareza un Cesáreo, Ramón ou Luís; son contados os que pronuncian estes nomes de distinta forma que s'escriben ou din corrientemente...

Os apellidos máis comúns son: Manso, Morales, Méndez, Rodríguez, Blanco, Colmenero, Santana, Rivas, Rivero, Fernández, Vences, Lamas, Dios, Quintas, Feijóo, Carnero, Moreiras, Conde, Cabrera, García, Traveso...

En canto os motes (Lobeira, Curcumba, Carrañolo, Caipira, Cachimbo, Camaretas, Casamira, Vangallas, Escarumba, Perico, Lamela, Muñeco, Matatús, Peneireiro, Paxaro, Liso, Grilo, Chatoleiro, Pateiro, Arañón...); proveñen xa d'herencia (Lobeira, Carteiro...), todos pasan de país a fillos e d'íste os seus etc., xa do tipo (Pineireiro, tipo alto e delgado; Carrañolo de Carrancholo, por ter unha perna máis pequena que outra); outros proveñen do nome (Liso de Elisa; Vangallas de Evangelista; «iste foi un día traballar e a filla chegou algo tarde pr'axudarlle entonces rifáballe («ei condenada eiche de por n'un talleir'ó pescozo; y'a muller qu'estaba oíndo todo verráballe «iay Vanguelista se lle tocas a rapaz'afógote!» y'así de Evangelista provén Vangallas.

Cando viñeron os franceses aterrorizaban a xente pois o aprouximarse foron poñerlle carros, paus, cancelas, pedras, etc. na carretera antes do pobo para impedirles o paso; e abandoaron as casas e foron pras touzas ou pro monte levand'ó que podían, pois os franceses entraban as casas e comían o que alcontraban y'os cabalos púñanos a comer nas arcas do grao; o pasaren para Portugal decían «España está vencida e Portugal é un sopro»; pero cando foron chegados despóis de Xinzo ond'a Serra de "Larouco", a "Aguioncha" os veciños metéronse por unas cañizadas e os enemigos o telos tan de xeito escangalláronos, e cando viñan de volta xa viñan uns poucos con máis medo, o parecer, que outra cousa e buscand'ó camino máis dereito...

N'íste pobo houbo varios carlistas; o principal cabecilla era o tío Prol pero andaban ademáis o tío Bueno, o tío Curumba, o tío Barroso, o tío Perucho; iste foi por'ó visto o que matou a outro do pobo (tío Eusebio) asomous'a ventana y'ó tío Perucho por mal querencias ou enemistá que había entrambos, zorregoulle un tiro e matouno; a familia encheuse de medo y'escapou da casa por detrás (algún home mais que había n'ela vírono os

veciños escapar por aquelas hortas en calzoncillos); pero os Carlistas anque eran bastantes debían de ser de pouco pelo porque para faguelos fuxir iba un veciño e púñalle lume a un palleiro para que o verrar auga... se xuntase a xente y'estonces escapaban a máis non poder. Foron xunt'ó Recaudador unha noite, iban moitos per'ó Recaudador meteu os cartos en saquitas d'os clavos (entonces o diñeiro era ouro, ichavos, décimas, e billetes non había) y'escondeunos entr'a palla da corte e despois franqueoull'as portas corrales e todo, pra qu'entrasen per'ó ver tanta frescura desconfiaban e non querían entrar; por fin despóis entraron e marcháronlle con sesenta pesos unha pistola e unha escopeta...

Dis'acerca da muller e do home «A muller cando é rapaza, é reina; cando moza, puta; cando vella, bruxa»: «O home, cando é rapaz é rey; de mozo, capitán; de casado; burro, e de vello can»...

Hay outros ditos e refras como: «O teu pan temperáu, ou en palla ou en grau».

«Navos e señores, canto máis raros mellores».

«Os navos por'ó San Bertolomeu, cada paso seu».

«Xaneiro muliñeiro, nin boa meda nin bo palleiro».

«O mes de Xaneiro e o xeadeiro, Febreiro muliñeiro, Marzo esqueiroso, Abril chuvioso, Mayo pardo, e San Juan claro, en Seitura sol, y'en Agosto mellor».

«Entre Santos e Natal é o inverno carcoal».

«Xeada n'a lama, chuvia na cama».

«Tanto dur'a mala veciña com'a neve marciña».

«No mes de Xaneiro súbet'Outeiro, se ves terrexar vótate a cantar e se ves verdegar vótat'a chorar».

«Habendo neboira o día de San Pedro Fiel, castañas furadas e navos ruís».

«O entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan.»

«Febreiriño corzo cos seus días vinteoito, se duraras máis catro non deixabas can nin gato.»

«Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello, nin de cuñado un bo consello.»

«Año de belota, ano de larota».

«Para ir a misa y'o muiño non esperes por'ó veciño.»

«Catro cousas quer'ó amo do criado que o serve, deitar tarde, erguer cedo, comer pouco, y'andar alegre.»

«Cando a rola oias rular, cull'ó liño e vai sementar.»

«As bruxas xúntanse para ir o Areal de Sevilla; cóntase que había unha no pobo, e o viren a buscala a noite, levantábase e decíall'ó home, «eu te bendigo meu home pasand'ó meu cú por'a tua cara pra que durant'a miña ausencia non che pase nada», per'ó home despois levaba o cabo d'aixada e decíalle «eu te bendigo miña muller co cabo da miñ'aixada pra que non volvas pasar o teu cú por'a miña cara»...

«Unha vez, y'esto non fai moito tempo porque llaconteceu a nai da tía Quiridiña (conta éla), cando aínda era rapaza puxéronnelle os ollos mancos porque a vira unha bruxa e había que poñerlle os rescritos, e o pai d'ela como os cregos é unha cousa que faguían de mala gana, (unha tardiña marchouse levando un sacho para que nadie soupera nada, foi xunt'ó crego de Zós qu'era entón Fray Antonio e troux'os rescritos en todo secreto e meteunos n'a ucha, pero anque nadie lle dixera nada a mñán foi unha do pobo que tiña fama de bruxa y'encontrou na casa a enferma y'a nai solas; ésta tampouco sabía ren dos rescritos e díxolles «que puxesen os rescritos» pero como a muller (nai da rapaza) non sabía nada desculpouse, mais a bruxa anqu'era en casa allea foi dar directamente cos rescritos a ucha, puxéronllos e sanou»...

«Un cura viña d'unha vez d'un enterro e xa era noite; no camino viu estar as bruxas lavando n'un tanque, y'ouservou que unha ergueull'os cestos a todas e despois dixo, «y'agora quén m'ergue a mín»: entón o crego verroulle «eu ch'erguerei bruxa dos demonios»; tan pronto dixo esto marcharon tras dil e foron curre, curre, curre... y'ó chegar ond'había unha capilla e outras quedaron abaixo, y'empezaron a tirar con il de baixo pr'arriba, e de riba pr'abaixo... hasta que o deixaron de tal forma que morreu o cabo de tres días»...

«Indo un mozo pro fiadoiro a outro do pobo no camino alcontrouse con un lobo que o acompañou hast'a porta do fiadoiro; máis tarde foi coa moza hast'a casa; ela xa lle decía que non marchase por mor dos lobos pero él querendo faguerse máis Valente marchou levando consigo un pau e no camino aparecéronselle dous e foron con él hasta chegar a un sitio onde había unas chafagueiras e sitio escuro, etc... y'empezaron a darll'ó rabo e bater os dentes e saltaron con él esgazárono todo; rompéronll'a chaqueta y'el a defenderse co pau; pero tiña un can moi bo y'anque era bastante lonxe deulle o aire do lobo e deu en ladrar por salir y'abríronll'a porta, marchou ond'ó individuo pelexaba cos lobos e fixos escapar; mentras o can os foi levar alá adiante aparecéusell'outro que tamén o can escaramuzou, e despois outro, o mesmo, y'así foi hast'a casa, chegando todo espelicado e cheo de medo e o entrar a porta caeu e non se volveu levantar e por fin o cabo de dous días morreu»...

«Era un home, q o cura íballe pr'onda muller e un día pillouno debaixo da cama escondido:

- Eu xunguín os meus bois xotos, e leveinos a arada,  
Tras d'aquela porteliña, esquecéusem'aguillada,  
Tornei e volví por'ela, topei a porta pechada,  
Eu entrei e fun entrando senteime ond'acostumaba  
E ví un gato moi negro que tiñ'a coroa rapada,  
¿Qu'é aquilo miña muller c'anda debaixo da cama?
- Ech'ó gato do abade c'and'atrás da nosa gata.
- Inda non vin gato negro que teñ'a coroa rapada,

Trai pr'aíquí esa escopeta; tirareill'unha tirada  
 - Non fagas eso meu home, que m'acenderal'a cama  
 - Quén te me dera muller no medio d'aquel'arada  
 Con cen carriños de leña, y'outros tantos de retama (o parecer  
 para queimala)  
 - Quén te me dera meu home no medio d'aquela sala  
 Cos pes todos amarillos, e coa color demudada  
 Y'os cregos a porta decindo, que salga, salga.  
 O luto que había por, era baeta encarnada  
 E chorar iría chorando, chorando de mala gana  
 Para que digan as veciñas ¡como chora!... ¡miña coitada!»

Dos cregos o que se conta sole ser todo salíndolle todo mal: «Era un qu'estaba na parróquea de Pexeirós, e roubárono unha noite; pero él, anque non'ó sabía ben de certo, desconfiaba d'un home, seu feligrés; un día falou c'un fillo do tal, que inocente e pequeno, confesoulle o roubo; pero como testigos non había, ofreceulle un traxe e unos zapatos para que o dixera o domingo na misa, a vista de todos; pero díxollo o pai, e cand'ó crego, despóis d'esplicar un pouco o contenido do Evangelio, dixo: «o que vai decir iste rapaz é tan certo com'ó Evangelio de hoxe; rapaz dí o que sabes»; entonces o rapaz dixo: «Miña nai anda p... do cura de Pexeirós, e meu pai non'ó sabe, pero sabémolo nós»; a tal contestación, o crego, ¿qué diría senón?: Orate frates non me trates con rapaces»...

D'ó demo contan que, vindo unha noite da tuna unos catorce ou quince mozos, aparecéuselles en forma de besta, que a colleron e empezaron a porse d'acabalo, e cantos más se puñan, máis ib'alargando pra que se puxesen máis, hasta que se puxeron todos; era pr'atravesar un río, pero cando iban no medio, o qu'iba diante, revolveuse e dixo: ¡Ay, Jesús, que trandeira!, y'entonces a besta (demo) desapareceu e quedaron todos no río...»

Hay ademáis certos acaecimentos dinos de contar, como: «Cand'ó tío Lobeira iba pro monte e lle decía o pai: «meu pai, a ovella morta, ¿déixoa na corte ou lévoa pro monte?», y'ó pai contestáballe: «¡ay, burro, burro, fillo d'un burro!, dalle de comer e deix'a na corte»...

O que marchaba pr'América e decía: «despedinme de meu pai e non chorei; despedinme de miña nai e non chorei; despedinme de miña hirmá e non chorei; despedinme de meu hirmán e non chorei; despedinme da miña novia e non chorei, e despedinme de meus parentes e tampouco chorei; pero cando salía para marchar, foi a vaca marela e meteu a cabeza por unha regandixa do cancelón e dixo; «maaa»...iy'entonces sí que chorei!...»

«Un tal tío Polinario, (Apolinar), rezaba as noites con algún veciño o rosario na cociña, y'ó vir os ofrecementos tin'a costume de decir: «un padrenuestro por D. Gaspar e por tua mai Rosa (decíall'a muller), e por a miña, e por meu pai, e por'ó home da miña mai, e por'ó home que morreu nas penedas, e por... a maor necesidá da parróquea... (y'añadiu, pra

completar, o veciño desd'a esquina), «entonces por'a vaca da tía Roqueira que xa fai tres días que non se levanta co'a fame...»

### COSTUMES DA XENTE, RELIXIÓN, SUPERSTICIÓN...

De todas as costumes da xente, a que máis se conserva, perdura e a nadie se llesqueceu, é a de comer. Por'a mañán, cada cual vai almorzando, o levantarse, despois de fregar os ollos con auga, ou sin ela as veces, según a idea de cada; o almorzo consiste, frecuentemente, en un par de cuncas de caldo con pan (centeo); bueno, cando éste escasea ou o forno non coce, cómese vica (que é pan de millo feito na lareira da cociña e sin lévedo). Desóis d'iste almorzó, vaise o traballo (arar, aricar, decruar, refender, apañar patacas, sachar, apañar navos, pr'o monte co gando, partir pdr'Outeiro s'é canteiro, etc...) As doce o crego toca a campana grande, pra indicar que a xente non s'olvide d'ir xantar, que consiste en máis caldo con pan (a esta hora quizá sabe mellor porque está feito de novo; non é com'a noite y'a mañán, que istá requentado, ou con unha pouc'auga pra que aumente, se non chega), cachelos de patacas ou éstas compostas (remexidas con auga quente e grasa); s'a vaca da leite, unha cunca d'il, e se hay carne comes'unha pouca, e se non pan sólo, e nada máis. O vir as cinco ou as seis da tarde, s'é tempo de vrau cómes'a merenda, pero no inverno os días son pequenos, e por decir que ven a Coresma, pra non estar impostos a malos vicios, non se merenda (a merenda sole ser pan con carne ou cebola, ou pan sólo, según...) Cando se merenda, a cea sólo se compón de caldo e pan, pero se non se merenda, entonces pr'a cea hay que cocer un pote de cachelos para comer antes do caldo, sólos ou untados, según as circunstancias de cada (en caso de que sexan solos, xa saben as mulleres cocer menos, porque non corren tan ben.) E a comida de "tódol'os días" consiste na repetición continúa d'iste mecanismo, podendo variar por alguna circunstancia, algún d'os componentes ou o número d'éles, per'o caldo non falta, nin por casualidá, y'as patacas tamén son de sempre. Esto, desde logo, falando d'unha maneira xeneral e tomando as cousas por'o máis podre, pois antre os mesmos labregos, non falta quen, en vez de vender os xamós, como é o máis corrente, se coma boas magras; non é cousa dogmática nin xiqueira dentro de cada familia.

Cando aparece unha festa, de primeira intención non falta a bota ou a cabaza c'o viño e pan trigo, e os pistos varáian según a posición de cada cual: é costume tradicional, no día d'Entroido, comer a cachucha; outros, en ve d'a cachucha, comen lacón ou o pedro, e tod'o mundo fai as fillogas. Pr'outro día da matanza (o día da desfeita), convídase os parentes e amigos (o que vay queda obrigado a convidar o día que sex'a d'il) pra cear; tamén se fan as fillogas, cómese lombelo, os rixós, a paxarda, un pedazo de costela asada, os miolos cocidos con hovers e trigo, faise un pote de papas, e o remate xóganse unas partidas de brisca amistosamente e contando algún conto pra rir un pouco... O día da malla, faise o arroz con leite, pero sólo pra



familia, pois agora, co'as máquinas, non se lle da de comer a xente máis que pan e viño; pero antes os mallos matábaselle un carneiro... O día de Navidá, cómes'o pulpo, principalmente, y'os outro días de festa, cómense cousas variadas: o roscón, algún coello, pescado, etc... Antes, o día do Patrón (San Esteban) o crego pagaba unha festa, pero agora solo hay unha misa cantada ou de tres, siquera se garda día santo, pois ise día trabállase com'os outros. Antigoamente, o vir os días d'Entroido (domingo e martes), faguíanse moi boas festas, con burros, carruaxes, fargalleiros, gitanas (imitación d'elas), etc...; faguían un entroido de palla e metíanlle unha buxiga d'o porco chea de sangue n'a barriga, y'o martes, o por do sol, tirábanlle tiros, hasta que Sali'o sangue e caí'o entroido, todo esto en medio de canterías, toque de latas, caldeiros, cucharas, chaves e cazolas, panderetas, etc.; agora ises festexos van desaparecendo y'ecliusándose, e xa, únicamente, se ve unha carantoña que outra, ou catro rapaces que queren faguer que fan; pero desapareceu aquil humor dos vellos, armar disputas e parrafeos en verso, etc.

No vestir en mulleres, antes levábase a cintur'apretada, y'abaixo, a saya con moito vuelo e mariñaque; levábase muradana, mantillón e dengue. Hoxe, por'o contrario, parece que se tira máis por'a "línea reuta": a saya máis curta (hast'o medio da perna) e máis apretad'abaixo, lévas'o mandil, y'o pano da cabeza, o que non se leva pra ir a festa; pra ésta, zapato baixo, y'a diario chancas. A muller anda sin tapar, ordinariamente, pero para ir a misa, leva manteo, mantón ou toquillón. En homes, ó vir o inverno, lévase, pras festas e feiras, unha zamarra, polainas, bufanda, a cadea do reló pendurada do chaleque y'algunha crabata; a diario un traxe de pana e chancas e, cando chove, unha corozza de xuncos. Contan que, antiguamente, o galo d'unha festa era o que mellor se presentara c'unhas calzas (cirolas) d'estopa, ben lavadas, e un chapeo de palla, c'unha cinta encarnada; antes o pantalón era algo apretado; agora xa chegou a moda do "chanchullo".

As casas son todas de pedra (granito) e os techos cubertos de tella, pero, principalmente en Cardeita, e algo n'as Pegas, hay palleiras de terrós cubertas con palla; pero ésta empréase máis en cubertizos pra meter leña y'o carro. Predominaron as de pranta baixa, pero xa hay bastantes, mesmo antre a xente probe, que teñen primeiro piso, anque sexa baixo e sin faiado moitas veces.

As partes principás d'unha casa, son: cucuña, corte ou cortes, cubil, pergua, sobrado, paneira e dispensa; hay casas destinadas única y'esclusivamente a palleiras ou cortes...

A cucuña, de quitando algunha, moi rara, é de pranta baixa; pois no primeiro piso non e tan servicial pr'acomodar, traer auga, navos, leña, etc., e con pequena variedá d'algunha, consiste: n'unha esquina da casa ou casiñ'aparte, no tellado ten unha chimenea c'un galo de lata n'ó alto, que se pousa n'un pé e da voltas, movido por'o vento, cando sopra; outras, en vez de chiminea, teñen troneira, qu'e unha bufarda aberta no tellado e por riba tapada, como se fora c'unha mesa de catro pés, qu'estaba soportando unas

tellas a maneira de que deixe dous salideiros (per diámetrum opósitum) pr'o fumo; parece que as de troneira, son máis fumosas c'as de chimenea.

S'entramos dentro, nonalcontramos outra cousa que duas ou tres mesas de sentarse; unha pedra-mesa para por os potes que non están en uso diario, que sol'estar arrimad'a parede; unha ucha onde se mete o pan, o leite, a carne, etc.; unha ola d'auga y'o latón para bébela; duas botellas (a do gas y'a do aceite); outros teñen en vez de botellas, alcuzas; o caixón do sal y'o cacipo pra collelo e traelo; unha barreña; unha xerra de barro marelo; os fuelles pra soplar o lume; a canada de munguir a vaca; un candil y'un farol do gas; unha lacena pra gardar a louza, y'a falta d'ésta, un alzadeiro; un pío pra calcar o pote dos porcos; iste é do número un, do dous ou do tres; ponse n'un sitio y'alí está xempre hasta que se fura de vello; por'os lados pónselle unos forros ou unas pedras, non moi gordas, y'é onde se fai o lume, búscase pra debaixo unha pedra llana, a da lareira, qu'é onde se fai "a vica". N'unha parede poñen as mulleres, colgados, unos periódicos, que tran dond'o crego ou quen'os teña, pr'a espeteira, que se compón de algún espeto, testos, cucharas, cazolas, candiles, etc., que s'usan moi puco ou case nada. As familias un pouco mellor acomodadas, teñen unha caldeira de cobre colgada d'unha espaldeira que se destina a ter con auga, pr'a zorza dos chourizos na matanza, etc...

A corte está destinada a meter a xugada (qu'en moitos casos e de medias), y'o burro ou a besta, etc., n'ela faise; moitas veces, provisionalmente, se a casa non'o ten separado. O cubil pr'os porcos con unha cancela ou cos ladrás do carro. O que ten varias cortes, reparte o gando a súa maneira; ou se barre toda ou unha esquina pra votar as patacas, etc.

Os muebles son principalmente arreos de labranza: arado (composto de rabiza, teumón, avecas, ameixelo, ateiroá e rella), tamén hay arado de ferro sólo pra decruar, ambos necesitan chavela, sedeño, aixada, sacho, sachola, aixadón, picaña, picañón, galla (n'outros sitios chámanlle forquita), focues, manguitos, canistrelas, caldeiros, maseiras, agrade, cambóu, corza, fociña, escada, etc.; xuntura (formada por mulidas, sogas, temueiro, xugo, etc.); angazo, carro (composto por rodeiro: rodas, cambas, ferros, rellas, mión; eixe: medio, pequeiras; chedeiro: apoladoiras, chedas, traseira, sellado pinallo, chavella, pechos, curculixas; leva; estadullos e ladrás).

Os Santos a que hay máis devoción, son: San Antonio, abogado dos porcos e das cousas perdidas; para que aparezan, ofrécesell'unha limosna en diñeiro ou rézasell'o "responso". A iste Santo, máis que ningún, dáelle limosna en carne, pra que conserve os porcos, pois xúntase a vinte e máis pesos de carne, todol'os anos, en cachuchas, lacós, peitos, uñas e chourizos, e véndese toda xunta o día (domingo) d'Entroido o sair da misa, por'os mayordomos encargados de pedir e ter a festa.

O San Benito (abogado de coxos e outros padecementos físicos), ten unha capilla no monte, que leva o nome do Santo. Ten ofrecementos de pernas, corpos, caras..., según os membros doentes do que ofrece, de cera,

que os ten colgados na capilla. O día da festa, e dutant'ó ano, hay ofrecementos d'andarll'as novenas de pé ou de rodillas; outros arruben o monte descalzos, porque lles fag'algún favor ou se xa llo ten feito...

Tamén a festa de merendas, ou mellor dito, xantares... Fanlle duas festas o ano, chamadas "San Benito de Marzo" e "San Benito de Seitura", acaso porque cadra nistes meses. É o Santo máis milagreiro que temos na parróquea. N'algún tempo trouxérono pra irexa en procesión, pero escapábase de noite pro monte; por eso tiveron que faguerll'a capilla...<sup>23</sup> «D'unha vez, querendo levar unha pedra para capilla, grande, e como está rodeada de paredón, andaban buscando por ond'entrar co carro, e, cando se descoidaron, os bois subiron por'as escaleiras de subir a xente, o que sólo s'explica como milagre, pois do contrario, non houbera sido posible que os bois subisen nin co carro valeiro tales escaleiras.» Sexa esto certo ou non, o caso é que na capilla hay unas muletas y'un cayado que proban que algún subiu axudado de tales instrumentos, e o Santo fixo que non os necesitase pra baixar, y'entonces que dáronlle de regalo e como testimonio do milagre.

N'a granítica y'abobedada, de columnas adosadas (quizá romana), airexa (da que conserva o "tío Muñeco" un cuartillo grande que trouxo dond'ó "Abade vello" e axudou a faguela (díceo él); hay outros Santos a maores dos citados, tal como San Esteban (Patron), o San Roque, que se festexa c'unha novena, pra que nos libre de pestes..., o San Pedro co'as chaves, a Virxe do Rosario, a Purísima encerrada entre cristales (ambos San Antonio).

Ademáis da capilla do San Benito, hay na parróquea a do San Miguel, en Coalloso; Santa Ana, en Santana; Santa Magdalena, en Espido.

«Cando Noso señor e San Pedro andaban por'ó mundo, foron pedir pousad'a unha casa ond'había unha muller sóla; deitounos os dous n'unha mesma cama porque non tiña máis; cando foi día, a vella tiña que salir a traballar e mandounos levantar, pero Noso Señor decíall'a San Pedro «deixémonos estar un pouquiño máis»...; máis a vella, así que s'enrabechou, colleu un pau y'empezou a mallar en San Pedro qu'estaba de borda; despóis, él, queríase levantar pero Noso Señor díxolle:

«Non; en tal caso, cambiemos de sitio, porque se volve vir a vella, mállate outra vez y'así leval'as tú xempre». Cambiaron de sitio por fin, y'entonces volveu a vella: «iay condenados!, vos inda estades na cama? Pois deixai que denantes deille co pau o da borda, pero agora lévayas o da parede»; y'empezou a mallar outra vez en San Pedro; de forma que, quen levou pau foi xempre o San Pedro»...

«San José, como era carpinteiro, unha vez, canso de tirar por'ó serrón, que non lle cortaba ben, púxose a descansar, e, mentres tanto, foi o demo e torceull'os dentes, unhos pra un lado, e outros pr'outro. Cando San José volveu coller o serón, éste cortáballe moito mellor, y'uservou como

---

<sup>23</sup> O mesmo sole contarse de tódol'os Santos que hay retirados do pobo, hay quen di qu'era o cura que o mandaba levar...



De esquerda a dereita: o médico de Sandiás don Leopoldo, o cura de Sandiás, don Antonio (tío de Urbano) e Urbano Santana xunto a un carro do país

tiñ'os dentes e, desd'entonces torceullos il mismo, y'os carpinteiros posteriores fan'os todos qu'é o que lle chaman "lizar" ou "dar lizo"; y'así, o demo, querendo faguer un mal, fíxoll'un ben a San José, y'a todol'os capinteiros». «Non hay mal que por ben non veña».

A proceseón d'as ánemas é unha cousa que antes daba moito que falar. Hoxe son ben contados os que creen n'ela. «Cando van en procesión –decían- fan ceremonias como enterros: levan entre catro o cadáver, outras van chorando, outras fan de cregos e van cantando responsos», etc... «Todos os viernes van de visita a casa ond'a de morrer alguna persoa». «Se lle meten a cruz ou a vela a algún vivo, ten que andar na procesión alumando (alumean con hosiños) e ir a visita de viernes, pero despóis non sabe onde foi». «Unha vez era un mozo que andaba n'ela e levou unha tella e fixo un risco na parede ond'a porta d'onde entraba e pr'outro día anduvo mirando por'as portas do pueblo e foi dar co risco ond'a porta d'unha tía, sabendo así que alí fora de visita e iba morrer, e non vale marchar pro extraxeiro; pois un foi para Portugal, e viña andar na procesión». «S'algún día fai resistencia para levantarse da cama e ir, danlle en tirar por'as uñas dos pés e non ten outro remedio que ir.»

«Un mozo quitoulle a vela a unha, e, o confesarse, díxoll'o cura; éste mandouno ir esperar a procesión, o mesmo sitio, e meterle n aman a que fose sin éla. Foina esperar, e detrás de todas viña unha sin vela, y'entonces meteulla n aman, e dixéronlle: «suerte tuveches», e seguiron.»

«O que anda na procesión e lle pode meter a vela ou a cruz á'lguién, métenlla, y'as outras axúdanlle, en caso de que anden mal a gusto con éla». «D'unha vez un mozo, vindo da tuna, viu vir a proceseón; entonces tumbouse, porque así non poden faguerlle nada, e decían o chegar ond'él, faguendo moito aire: «eiquí cheira vivo, cheira»... y'él contestaba: «cheira pan de nogueira»...

«O tío Rato d'as Pegas, foi as Amérecas e trouxo, o vir, as liendas que falaban de moitos sitios, e guiados por'elas, fixeron escavaciós en busca d'haberes y'encantos.»

A fonte do Mouro, é produto d'unha escavación que fixeron os vellos en busca d'unha trabe d'ouro: «Cando andaban cavando aparecéulles un mouro n'un cabalo, que lles dixo que non seguisen afondando senon darían c'unha trabe d'alquitrán antes d'ouro, y'entonces non cavaron máis». «Na mesma fonte hay unha moura encantada qu'está sentada n'unha silla d'ouro. Había unha rapaza qu'iba coas ovellas pro veciño "monte de Picos" e a moura aparecíasele e peinaba moi ben con peina d'ouro; pero tiña que ser secreto, y'a rapaza contoullo a mai, entonces a moura, comeuna; despóis ib'a mai verrando, «¡ay miña María!»... y'a moura contestou «María, Mariola, frita en aceite vay na miña barrigola»... A mai d'esta moura tiña catro fillas encantadas na fonte; unha vez que foi un de Couso as seiturias a Castilla, a vella enteirouse e deulle catro panochas de catro cornexos cada unha, para que as fose tirar á fonte e lle desencantar'as fillas; mais a condenada da

muller, o ver as panochas que traía o seu home, antoxóusell'ó trigo e comeulle un cornexo a unha; pero cand'ó home foi cumprir ca orden da vella, tirou as outras tres panochas, unha a unha, e foron salindo hasta tres cabalos moi gordos e n'eles tres mozas moi guapas, qu se marcharon; máis, o tirar a coarta, saliu cabalo sin unha perna (efeuto d'haberlle comid'ó cornexo a panocha), e por tanto a moza que viña n'el non pudo marchar e continuou encantada, pero deulle de regalo pr'a muller un pano encarnado de seda, que habend'ó atado un carballo no camiño, quedou éste feito un carbón, como lle pasaría a muller se o puxera»...

«Dentro d'ó castillo hay un pozo con varios metros d'auga, moi oscuro, e por íl ten entrada, e debaixo hay un salón con moito ouro. Para desencantalo, hay que levar un hovo d'unha pita negra, y'a pita; ésta sóltase no salón, y'ó hovo estréllase na frente a un xigante qu'está dentro c'unha machada levantada para matar ó que vaya se non se lle da co hovo...»

«A saída do pobo hai n'unha horta da "Crú'de Cardeita" unha fonte cuberta de zarapallada por'a veira, y'alí sale, o día de San Juan, antes de nacer'ó sol, unha cobra moi grande, qu'é unha persoa encantada. Trai un caravel na boca, y'ó que llo quite co'a boca d'íl, ten moito diñeiro, e s'é home, a cobra vólvese muller, e viceversa; pero s'está alí e non ll'ó quita, cómeo a cobra.»

A xente parece que non cree moito n'eses encantos. Falando c'unha vella do pobo, que me deu algús detalles, dice que, «agora parece non hay ises encantos, que debían irse pr'o mar despóis de pasado certo tempo encantados.»

Xa qu'esto é un resume, nada máis do "Folk-lore", voulle dar remate a estas liñas mal amañadas, pra non cansar máis'atención do leutor, citando as prantas medicinales máis empregadas n'a terra. Éstas son: romeu, esteba, raíz de cana, malva, malvavisco, nébeda, ampio, madroña, manzanilla, malbela, clavo... etc., todas solen ser cocidas en auga para beber, etc...

Dentro de logo ou n'as próximas vacaciós de Setembre será aumentado."

### III. VICENTE RISCO

Definir cunha palabra a Vicente Martínez Risco y Agüero (Orense, 1/10/1884 - Ourense, 30/4/1963) non é doado pero podería ser a de "mestre"; non soamente pola súa profesión, senón porque toda a súa obra está revestida dun carácter pedagóxico. Tamén se podería falar del como un pensador pois, como dicía Ricardo Carballo Calero referíndose a el, Risco estaba dotado dunha intelixencia superior que lle facía "sufrir o desacougo, ás veces angurioso, da lóxica e da ética. (...)"<sup>24</sup>. Nas súas obras non se atíña a ningún dogma, excepto ó da relixión católica, da que era un fervente seguidor<sup>25</sup>.



Foto: Fundación Vicente Risco

#### III.1. Na Limia<sup>26</sup>

(...) A Limia é unha terra que ten leenda, tanta leenda que hastra din qu'hai elí unha lagoa... A min xa me poden vir con contos, inda que sexa do FORUM LIMICORUM. Eu vin ós limiaos, c' unhos grandes chapeus de palla, guiando unhos inmensos carros d'herba que van cantando por unhas estradas dereitas como fusos, antre ringleiras de negrillos. Vin o gando mouro vir á noite do monte, pola ponte das Poldras, y-as ovellas apretuxadas tras d' il. Vin as patacas sementadas nas leiras, y-o centeo segado, e vin-o mallar pol-a raxeira do sol. Vin ós cás sair a ladraren ó camiño - porqu-eu percorrín a Limia n-un coche de cabalos, esa cousa anacróneca que xa non sirve mais que para ir recoller ós viaxeiros n-as estaciós do camiño de ferro e levalos ás fondas - e hastra vin brincar un sapo d' entras rodas, n-unha noite de luar, vindo por unha d' esas estradas dereitas com' as que din qu' atravesaban o lago de Tezcuco en México, e qu' atravesan esta xa hipotética lagoa Antela, que non veredes anque vaidas a Limia; como non traigades no fardel o Coello ou o Fontán...

*En Xinzo as horas camiñan paseniño, paseniño... Á media hora pasa un carro d'herba que chega ós tellados das casas, pasa cantando o cantar da Terra...Na acera andan brincando dous cadelíños. O reló sona o carto...Ven outro carro d'herba, agora son dous; pasan cantando o cantar da Terra... Logo, o reló sonará outro carto, e pasará outro carro d'herba, ou dous, ou mais...*

<sup>24</sup> CARBALLO CALERO, Ricardo, *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña, 1982, pp. 165 e 166.

<sup>25</sup> Ídem, páx. 167.

<sup>26</sup> *La Zarpa, diario de los agrarios gallegos*, n.º 69, Ourense, (15/10/1921), páx. 1.

### III.2. Sandiás e A Limia na "Geografía general del Reino de Galicia"<sup>27</sup>.

Sobre os palafitos da lagoa de Antela afirma que:

"Nuestro predecesor en esta obra, señor Fernández Alonso, en unión de don Manuel Hermida, por encargo de la Comisión de Monumentos, visitaron en 1902 una necrópolis de esta clase en la laguna Antela, donde se sospechaba la existencia de vestigios de habitaciones palafíticas, y comenzaron la exploración de las mámoas, sin encontrar más que algunos carbones bien conservados y tierra cenicienta, como restos de incineración verificada in situ.

De aquella estación procede una hermosa punta de flecha de sílex, que figura en el Museo. En cuanto a los palafitos, el señor Hermida asegura haber encontrado restos de pilotes carbonizados en la superficie. La leyenda de una ciudad sumergida, que los naturales llaman Antioquía, en aquel lugar, puede ser un recuerdo lejano de la población prehistórica."

O capítulo XVIII desta obra leva por título "Partido judicial de Ginzo de Limia".

"Es la Limia una de las comarcas geográficas mejor caracterizadas de Galicia, desde muy antiguo conocida y designada como tal comarca natural. Debe su nombre al río *Limaea* o *Belionis*, como lo denominan las fuentes clásicas (Strabón, Mela, Plinio), el cual, (...) nace en la laguna Antela, que forma el fondo de la Limia baja y desemboca en el Atlántico, en Viana do Castelo (Portugal), al pie del monte Santa Lucía en uno de los paisajes más hermosos del mundo. Hermoso es también el país donde tiene nacimiento.

Contemplada desde las montañas que la circundan, la Limia es una extensa llanura, planicie excepcional en Galicia y más aún en la provincia de Orense, compuesta de magníficas tierras de labor y extensas praderías limitadas por setos y filas de robles, grandes extensiones de *gándara* cubierta de uces y un gran manto de bosque, y con un sobervio horizonte de sierras de imponente efecto (...). Adentrándose por sus anchos caminos se encuentran los paisajes que gusta de reproducir la pintura holandesa: jugosos prados verdes, encuadrados de *carballos cerqueiros*, donde pastan o reposan lentas vacas negras o rojizas; amplias gándaras oscuras con rebaños de ovejas y el ganado vacuno negro de este país; extensos tremedales, charcas bordeadas de junqueras, que espejan un cielo gris o azul con gruesas nubes de plata, tornasoladas en los bordes o doradas por la luz

---

<sup>27</sup> RISCO, Vicente, *Geografía general del Reino de Galicia. Provincia de Orense*, Barcelona, 1928 pp. 3-5, 199, 526-537, e 558 - 561. No ano 1913, Francisco Carreras Candí encomendara a redacción do tomo correspondente á provincia de Ourense da súa "Geografía general del Reino de Galicia" ó erudito Benito Fernández Alonso. Por desgraza, Fernández Alonso morre no ano 1922 sen rematar o encargo, que será finalizado por Vicente Risco. No tocante ós pobos da provincia "la labor del señor Risco ha de ser completamente nueva, pues de ellos nada tenía preparado todavía el señor Fernández Alonso". A publicación definitiva lévase a cabo en Barcelona no ano 1928.



de Poniente; pueblos ricos de los que , como tampoco de la indumentaria y de las costumbres, no ha desaparecido aún del todo el tipismo. Todavía se ven los elegantes chalecos con mangas, de tejido del país rojo- escarlata, ribeteados de trencilla negra, que llevan aún muchos hombres, con los sombreros de paja-centena que ellos mismos fabrican; todavía muchas mujeres llevan los antiguos pañuelos de gayos de colores, los refajos de picote y los elegantes mantelos negros bordeados de terciopelo.

Parece la Limia una antigua cuenca lacustre cuaternaria en vías de desecación, la cual se ha detenido cuando el nivel de las aguas llegó a un punto en que su salida se hizo difícil.

(...) La Limia es uno de los países más productivos y ricos de Galicia, de riqueza exclusivamente ganadera y agrícola. La superficie cultivada es poca, acaso solamente una octava o séptima parte de la total, y sin embargo mereció llamarse *granero de Galicia*. Sus producciones más importantes son los granos: centeno, trigo y maíz, que se cosechan en abundancia, sobrando la mayor parte para exportación y surtiendo los mercados de Allariz, Celanova, Verín, Ribadavia, pueblos limítrofes de Portugal, Redondela, Vigo, etc.; y las patatas, que también salen en gran cantidad. También se cosechan muchos nabos y productos de huerta y muy buenas frutas. Se cultiva mucho lino, del cual parte se elabora en el país, pues hay telares domésticos en casi todas las casas, que fabrican lienzos muy finos, lienzos ordinarios, estopas, picotes y lindas colchas de lino y lana teñida de colores, algunas de terciopelo, que son muy buscadas.

La gran abundancia de pastos hace que se mantenga muchísimo ganado de todas clases. Conocidos son los inmensos bueyes negros de raza ibérica de la Limia; hoy alternan con ellos mucho más que antes los de raza gallega y portuguesa, de capa *marela*, de menos carne, pero de superior producción láctea en cantidad y sobre todo en calidad. También tienen fama los caballos y especialmente las yeguas de la Limia (*bestas limiás*), de cuerpo muy largo, que hombres y mujeres montan gallardamente en pelo, y el ganado mular, de buena alzada y finos remos. A diferencia de otras tierras de la provincia (excepto en las sierras) se cría aquí mucho ganado lanar, que se manda pacer en las *gándaras*. La feria de Sarreaus en otro tiempo y hoy la de Ginzo son las principales de la provincia por ser los más abundantes mercados de reses.

Por último, es también grande la riqueza en leñas y maderas, poco explotada todavía ésta. No es este país de pinos, como los de ribera. Lo que abunda son los robles y luego los castaños y los árboles de flora paleártica. El roble es de gran abundancia. Desde el San Cibrao y montañas vecinas se ve un gran bosque que avanza al N. del Limia desde cerca de Ginzo hasta la altura de Vilar de Santos: se llama por antonomasia *o mato*. Del lado de allá del Limia, nuevos robledales ocupan considerables extensiones.

La laguna Antela – Lleva los nombres de *Lagúa Antela*, *lago Beón*, *lagúa da Limia* o simplemente *lagúa*. No se le puede señalar un límite fijo,

pues su nivel y su extensión varían considerablemente con las estaciones y también de un año a otro, pues depende de las lluvias y especialmente de los deshielos de las sierras, sobre todo del San Mamede. La rodea una zona de charcas y tremedales, y en ella nacen abundantes juncos, espadañas, cañizos y otras plantas acuáticas.

(...) Se le calcula un largo de 6 kilómetros de NE. a SO. y 4 de ancho, siendo su altitud sobre el nivel del mar de 610 metros y de 3 su profundidad media en la época de las lluvias, pues en el verano, lo que queda de ella no suele pasar de un metro de hondura. Las junqueras y espadañas la interrumpen, sobre todo en los bordes, aunque en las grandes crecidas las cubren las aguas. La alimentan numerosos arroyos (...): de Couso, Sandiás, Piñeira, Fontela, Bustelo, Bovadela, Busteliño, Padreda, Codesedo, Cortegada, Trandeiras, Morgade.

En invierno, contemplada por ejemplo desde el castillo de Pena, tiene un aspecto soberbio. Sus aguas tranquilas, que apenas riza el viento, dándole el aspecto de una cota de malla, toman la coloración del cielo con vistosos cambiantes. La rodean campos feraces y azuladas montañas. Numerosos pueblos están diseminados en el contorno, y los castillos de Pena y Sandiás le dan guarda. En verano el nivel de las aguas baja y se descubren extensos juncuales y peligrosos pantanos movedizos. Alimenta la laguna una considerable cantidad de ranas, que los habitantes pescan para aprovechar los zancos, que se venden en el mercado de Ginzo, en Verín, en Allariz y en Orense, y que en las noches de verano se oyen cantar a coro a grandes distancias. Hay también allí muchísimas sanguijuelas, que eran preferidas para usos médicos a cuantas se crían en España; las sanguijuelas de la Limia se vendían antes en todas las ferias y mercados de la provincia, encerradas a montones en tarros de cristal; en el siglo pasado se estableció una factoría francesa para pescarlas y exportarlas para su país, lo cual le produjo a la empresa grandes beneficios. En verano se levantan de la laguna nubes de cínifes que inundan el país, haciendo a veces las noches insostenibles con sus zumbidos y sus picaduras, que hicieron decir al informador de Madoz que «no cabe que los haya en otra parte tantos ni tan sañudos».

Grande es la variedad de aves acuáticas que acuden a la laguna: patos salvajes, que los comarcanos cazan en abundancia; gallinetas de agua, cigüeñas, garzas reales, gaviotas y otras muchas. Podemos asegurar que la flora y la fauna de la laguna no han sido en absoluto estudiadas, como no lo has sido la laguna misma en su aspecto fisiográfico ni geológico.

El informador de Madoz hace de la laguna una descripción dantesca y aterradora (...). Debemos notar en primer término el contraste de estas palabras escritas en el siglo pasado con las escritas por Otero Pedrayo en nuestros días y aún con las del señor Fernández Alonso en El río Limia y sus contornos. Luego, por nuestra parte, podemos decir que, sin que las condiciones del país hayan variado tanto, pues la desecación de la laguna no avanza sino muy lentamente, no se observan hoy los graves males que el

informador de Madoz señala; algún terreno se va ganando a la laguna, y éste se dedica en gran parte a pastos, acaso más productivos que el cultivo agrícola, y en cuanto a lo demás, ya hemos hablado de la belleza del país, no hemos observado nunca ni oído mencionar la fetidez de las aguas de la laguna ni de sus aires metéoricos, ni el país es insalubre, pues solamente se señala hacia el S., y no precisamente cerca de la laguna, sino en el curso del río Faramontaos, una pequeña zona palúdica en el ayuntamiento de Moreiras, la cual tiende a reducirse y no ofrece tampoco caracteres graves.

Los trabajos de desecación – Varias veces se han emprendido trabajos para desecar la laguna Antela, con objeto de sanear el país y de beneficiar los terrenos robados a las aguas. El más antiguo intento de que hay noticia cierta es de principios del siglo XIX. Concibió el pensamiento, en 1825, don Julián de Toubes, corregidor de la villa de Ginzo, el cual calculó que con los trabajos se podrían beneficiar 24.000 ferrados de sembradura, que valdrían en venta 3.210,855 reales y en renta anual 120,000 ferrados de trigo, que al precio quinquenal de 2 pesetas darían al país 240,000 pesetas al año. Hecho público su proyecto, los párrocos y muchos hacendados se suscribieron para contribuir a la obra con cierto número de jornales. Elevose representación al rey Fernando VII, y por R. O. de 3 de Marzo de 1827 se autorizó al corregidor para que hiciera levantar un plano y calcular el coste de las obras. La carta geográfica fue levantada por don Leocadio García, cura párroco de San Pedro de Pena; fray Benito Valencia, del convento de Trandeiras, y otras personas, y otra hizo don Joaquín Pardo, capitán de infantería y vecino de Ribadavia, por el cual se veía que la única salida para las aguas estaba en el puente Liñares, interceptada por una gran masa de peñas, que habría que romper a fuerza de pico y barrenos, para abrir nuevo cauce al río. El gasto ascendería a 280,000 reales y 147,000 el de la acequia, en total 428,000 reales o sea 107,056'25 pesetas. Entonces el comisario general de Cruzada e ilustre gallego Manuel Fernández Varela destinó a estas obras fondos suficientes y con ellos se dio principio a las obras. Pero relevado el corregidor Toubes por la oposición de los pueblos confinantes de la laguna que temían les fueran ocupados los terrenos de pasto que poseían, por lo cual derribaban de noche las obras que se iban haciendo y por otras causas que los escritores que se ocupan del asunto *no creen oportuno indicar*, las obras quedaron interrumpidas. Llegaron a construirse 17,000 varas de nuevo cauce, de 16 varas de ancho y se comenzó el rompimiento de la cantera de Ponte Liñares, por lo cual el río corrió bastante, arrastrando arenas que cegaron los pozos situados más abajo del puente, donde antes cogían mucha pesca los vecinos de Gúin y Santiago do Ribeiro, y se ganó terreno para pastos.

En 1831 se ocupó de este asunto, preconizando la continuación de las obras, el docto Canónigo Cardenal de la iglesia de Orense, y obispo electo de la misma don Juan Manuel Bedoya, en una luminosa memoria; pero nada llegó a efectuarse hasta el año 1868, en que continuó las obras una empresa

cuyo gerente era el ingeniero vallisoletano don Toribio Iscar, que empleó en ellas unos 200 hombres. Mas el 18 de Septiembre de aquel año, tuvo noticia de un pronunciamiento en Entrimo, dirigido por el brigadier Lagunero, el comandante Roca, Alejandro Quereizaeta, Juan Francisco Estévez, Pablo Martínez y otros patriotas que se levantaban contra el gobierno de Isabel II, y el ingeniero Iscar abandonó los trabajos con la mayor parte de sus obreros para ir a engrosar las filas de los pronunciados.

Así quedaron los trabajos hasta el año 1898, en que emprendió de nuevo la obra de desecación el ingeniero gallego don Jesús Palacios, por cuenta de la marquesa de Longueville, una opulenta dama francesa que obtuvo la concesión, aunque al poco tiempo se suspendieron de nuevo sin que hayan vuelto a ser emprendidos.

Más resultado ha dado la desecación natural, que avanza aunque con gran lentitud, y los trabajos de los labradores que día a día van restando a la laguna nuevas extensiones de terreno que dedican a pastos, aunque gran parte de ellos se inundan en invierno.

Geografía humana. Los habitantes de la Limia son en general de estatura algo superior a la media de los países que la rodean y de gran robustez física. Predomina, por lo menos en la parte occidental, el tipo rubio y blanco, de ojos claros. Bedoya, Fernández Alonso y otros autores hacen grandes elogios de los hombres y de las mujeres de la Limia, alabando su asiduidad en el trabajo, su resistencia física, su entereza de carácter, su intrepidez y dignidad. En general conservan sus costumbres mejor que en el resto de la provincia; sus casas son más grandes y mejor construídas y parecen vivir con más holgura. Aún son muchos, así y todo, los que van a segar a Castilla.

Historia. La tradición popular asegura que la villa de Ginzo ocupa el mismo lugar que ocupó la antiqúisima ciudad de Antioquía, célebre por haber nacido en ella la gloriosa mártir Santa Marina, cuyo cuerpo reposa en Aguas Santas (Allariz) (...), la cual Santa Marina era hija de un personaje principal de aquella ciudad llamado Theutio o Theudio. Colocan otros la situación de Antioquía en el fondo de la laguna Antela, bajo cuyas aguas fue sumergida, según la versión recogida por el señor Fernández Alonso, en castigo de su «nefando crimen a la idolatría prodigada al gallo, cuya figura se destaca aún hoy en las torres y campanarios de Galicia». Y se dice que en los días limpios de sol se ve a través de la aguas de la laguna las cúpulas de los edificios sumergidos. (...) Han supuesto la mayoría de los arqueólogos gallegos –de quienes lo tomó Menéndez y Pelayo– que esta leyendas de ciudades sumergidas perpetuaban la memoria de antiguas poblaciones lacustres. En este caso en particular tendríamos una confirmación de este modo de pensar, si nuevas investigaciones viniesen a corroborar el hallazgo realizado por el señor Hermida, miembro de la Comisión de Monumentos de Orense, que halló en un punto de la laguna los pilotes carbonizados de una construcción palafítica. De la laguna Antela proceden asimismo algunas puntas de flecha

de cuarzo, neolíticas o eneolíticas, de las cuales reproduce algunas Barros Sibelo.

En la época romana encontramos habitado el país por una tribu indígena: los Límicos, mencionados en la famosa inscripción del puente de Chaves y en otros varios epígrafes referentes a personajes de aquella naturaleza (...), y en las referencias a la *Civitas Limicorum*.

Se discute acerca del origen de las toponimias de este país. El nombre de Limia, por analogía con otras toponimias europeas, parece indudable que se refiere al limo, a un terreno pantanoso. En cuanto al otro nombre del río, según Strabón, *Belión*, el P. Flórez supone que era el nombre indígena, pues los naturales del país llamaban aún entonces a la laguna Antela *lago Beón*, palabra que tiene analogía con la voz griega (ἰ) *drjwn*, que significa lago, estanque, pantano. Bedoya por su parte dice que el nombre de Beón o Belión proviene del mucho junco que en ella se cría, llamado *bión* en el habla del país, y Murguía sospecha si se llamó así por estar consagrado al dios fenicio Bel o Baal. (...)

El nombre griego de *Lethes* (Strabon), del cual es traducción el latino *Oblivionis* (P. Mela), tiene su origen en la leyenda antigua de que quien lo atravesaba olvidaba su patria y su vida anterior, leyenda con la que acabó el arrojito de Décimo Junio Bruto. Strabon da como fundamento de esta leyenda una supuesta expedición de los túrdulos a Galicia, los cuales no regresaron a su patria, sino que permanecieron al N. del Lethes. Son curiosas las consideraciones que de esta leyenda deduce el mitógrafo asturiano Constantino Cabal, quien, fundado en ella, sitúa en Galicia los Campos Elíseos de los antiguos.(...)

Atravesaba el país la tercera vía militar de Braga a Astorga, itinerario núm. 18 de Antonino Caracalla, la cual remontaba el curso del Limia por su orilla derecha e iba por el O. de la laguna y luego por entre Bobadela y Busteliño a la Mansión Salientibus (Baños de Molgas).

En los tiempos cristianos se señala por la pura vida de Santa Marina, que parece se crió en lo que hoy es Piñeira d'Arcos, y allí es donde la vio el presidente Olibrio. Claro es que se ponen algunos reparos a los episodios de la vida de esta Santa y personajes que intervinieron en ella; pero la tradición eclesiástica y popular es constante, y los breviarios antiguos están contestes [sic]. De la confusión de esta Santa con su homónima nacida en Antioquía de Pisidia, proviene la leyenda de la fabulosa Antioquía Límica (...)

Mucho había que decir de la Limia en la Edad Media. El famoso Vicetto atribuye, no sabemos con qué fundamento, a los suevos la fundación de los tres castillos de Sandiás, Celme y Pena, los cuales asegura sufrieron demoliciones en la revolución del año 583, cuando Eborico fue destronado por Andeca, siendo reparados bajo el dominio de los godos que los erigieron en cabezas de condados. Tomados luego por los árabes, los condes refugiados en las montañas venían de cuando en cuando a hostilizar a los invasores en a Limia, hasta que los castillos fueron recobrados por los

cristianos. Todo esto no pasa de una conjetura del historiador. Más hicieron antes los genealogistas, haciendo a Bernardo del Carpio, hijo del conde Sandiás, uno de los señores principales de la Limia. También se hace proceder de esta casa al conde Odoario, repoblador de gran parte de Galicia (...)

Ya hemos hablado en el capítulo dedicado a la historia de la provincia, de las expediciones de Alfonso Henriques en la Limia y de sus luchas con Fernán Joanes. La Limia fue por entonces erigida en condado.

Cuando el duque de Lancáster, Juan de Gante, recorrió Galicia, obteniendo la sumisión de la mayor parte de sus ciudades y villas, también fue invadida la Limia por ingleses y portugueses, que tomaron el castillo de Sandiás y los de Porqueira, Celme y Pena; el primero fue entregado por su terrateniente al duque que hizo incendiar parte de las tierras del señor de Sandiás, su enemigo, llamado Fernando Alfonso de Santana. Un hijo de éste recobró después el castillo y las tierras.

Fue también la Limia teatro de la revolución de los Irmandiños y de las hazañas del famoso y terrible Pedro Madruga, conde de Camiña, que destruyó parte del castillo de Sandiás.(...)”

Ó concello de Sandiás adícalle o seguinte apartado:

“Sandianes o Sandiás

Situación. – Al O. de la laguna Antela, limitando al N., con el de Allariz; al E., con la laguna; al S., con el de Villar de Santos, y al O. con el mismo.

Aspecto físico. – Por el O. lo dominan los montes de Penamá y Cantariñas; por el N. las de Guimarás y Fontela. La llanura que se extiende al pie de estos montes es ondulada y cubierta de arbolado y cultivos. El cerro sobre el que se levanta el castillo de Sandiás parece ser un cerro testigo. En las proximidades de la laguna es terreno pantanoso. Al N., por la parroquia de Piñeira corre un arroyo que vierte en la laguna. Otros más pequeños corren por las de Sandiás y Couso.

Producciones. – Las generales de la Limia: maíz, trigo, centeno, patatas, lino y frutas. Se cría ganado vacuno, caballar, mular, lanar y de cerda. Hay molinos, telares, caza de conejos, perdices, codornices y patos, y pesca de sanguijuelas.

Caminos. – Lo atraviesa la carretera de Villacastín a Vigo, que pasa por Piñeira y Sandiás, y en este último pueblo, aparte de ella, otra que por Couso va a empalmar en el Penedo con la de Ginzo a Celanova. Hacen servicio los automóviles de Verín.

Población. – En 1849, eran 422 vecinos y 2.119 almas. En 1920 aparece con 2.463 habitantes, 1.130 varones (728 solteros, 352 casados y 50 viudos) y 1.333 hembras (857 solteras, 370 casadas y 106 viudas).

Vida Pública. – El presupuesto municipal para 1927 es de 22.023'46 pesetas el de ingresos y de 20.540'70 el de gastos.

Hay 5 escuelas nacionales, dos unitarias de niños y dos de niñas y una mixta de maestra.

Historia. – Poco es lo que se sabe del señorío y castillo de Sandiás. La leyenda inventada probablemente por los autores de nobiliarios y pergeñadores de cartas de nobleza, y recogida por el señor Fernández Alonso, asegura que en tiempo de Alfonso el Casto era de Sandiás don Sancho Díaz de Saldaña, el cual, de sus amores con doña Jimena, hermana del rey, tuvo por hijo bastardo al famoso Bernardo del Carpio; y a consecuencia de estos amores, el Conde de Saldaña o de Sandiás estuvo preso, y por no haberlo querido soltar el rey, abandonó su servicio Bernardo del Carpio. También hacen a éste aquellos historiadores, jefe de los ejércitos gallegos. El Infante don Pedro de Portugal, Conde de Barcellos, en su famoso *Nobiliario*, dice que después, el señorío y torre de Sandiás pasaron a poder de don Fernando Santianes, hermano de don Sancho y sucesivamente al de Nuño Velasco Meléndez y a Suero Velázquez, parientes de los Sandiás. De esta casa fue también Adosinda Sandiás, esposa del conde lucense don Ero, fundadores ambos cónyuges del monasterio de San Salvador de Chantada, y también el conde Odoario, de quien hemos hablado. Aparece más tarde, cuando la expedición del Duque de Lancáster, a que ya nos hemos referido, como señor de Sandiás (según el señor Fernández Alonso), Fernando Alonso de Santana, y en señores de este apellido permanece hasta los tiempos de Pedro Madruga, aún cuando en otro lado asegura que pasó por enlaces matrimoniales de la casa de Maceda, pues en el testamento de Juan Pérez de Novoa, señor de la casa y torre de Maceda, aparece éste distribuyendo entre sus hijas Marina e Inés la casa y torre de Sandiás, que como arras había señalado a su mujer. La torre y jurisdicción fueron heredadas por doña Leonor de Castro, mujer de Juan de Novoa, señor de la casa de Maceda, y después, los estados de Maceda y Sandiás fueron dados por el rey al conde de Benavente. En el siglo XVII lo poseyó el Marqués de Viana. Por último, los dueños actuales son herederos de la casa de Santana, a quienes debió volver en el siglo XVII, pues el señor Fernández Alonso apunta lo siguiente: «En el año de 1634 vivía en el castillo Alonso de Santana, cuyo padre, don Juan, desempeñaba honrados oficios como hijodalgo de sangre, tales eran el de Alcalde de la villa de Junquera de Ambía y sus tierras, desempeñado repetidas veces; juez ordinario en el mismo coto y capitán de la gente de guerra de la villa. Padre e hijo fueron estimados por el rey Felipe II por haberle acompañado a Lisboa, llevando de la Limia una mesnada de 250 hombres mantenidos y armados a su costa. Alonso de Santana, deudo de los Sandiás, había venido de la ciudad imperial de Potosí, en el Perú, heredado en el coto y villar de Sandianes de Limia. Antes de posesionarse del castillo acreditó, por virtud de informaciones ante los alcaldes de hijos-dalgo en la Chancillería de Valladolid, ser limpio de toda mancha de raza de judíos, moros, esclavos y nuevamente convertidos y no haber sido penitenciado por el Santo Oficio.

Su escudo de armas aparece en dos cuarteles: el primero de la derecha blasonado por un árbol y dos lobos empinados al tronco sobre campo de oro, el de la izquierda y sobre campo de azur, un castillo almenado, y sobre el escudo un yelmo de visera caída adornado con plumas».

Las parroquias. – San Esteban de Sandiás, limita al N., Piñeira de Arcos; al E., la laguna; al S., Couso, y al O., Coedo (Allariz). La componen los lugares de Cardeita, O

Castro, Pegas, Sandiás, que es la capital del ayuntamiento, lugar muy extenso a lo largo de la carretera, con muchas casas modernas; Santana y Meira. El curato es de segundo ascenso y patronato laical del maqués de Malpica como señor de Allariz.

La iglesia es del siglo XVI, estilo plateresco, con una bella fachada de complicada decoración, que recuerda mucho el manuelino portugués. La portada tiene dos arcadas: la interior de arco rebajado y quebrado en el medio, formado por un estrecho baquetón sobre columnillas del mismo diámetro, con pequeños capiteles de hojas serpenteantes delicadamente esculpidos, basas muy desarrolladas y fustes con depresiones como medias cañas: la exterior de arco rebajado liso, formada por dos baquetones que descansan en columnillas como las interiores, separados por una escocia poco profunda. Fuera del arco, los baquetones salen y se quiebran formando cinco puntas, rematadas cuatro de ellas en florones ojivales y la central sosteniendo una imagen. Encima hay un rosetón en figura de tetraskéle. El ábside cuadrangular tiene una cornisa rematada por un estrecho antepecho con hijas planas triboladas, descansando en canecillos, cuyo perfil es de gola recta, y ventanas abocinadas, de arco ligeramente apuntado y contorneadas exteriormente por un baquetón. En el interior, los arcos torales descansan en altas columnas adosadas a los muros, cuyos capiteles presentan motivos [del] Renacimiento.

El castillo de Sandiás, en el lugar de Vilar, casi no conserva más que una torre desmantelada, cuadrada, cuyos muros tienen cuatro metros de espesor. En ellos aparecen diversos símbolos heráldicos que no han sido descifrados: águilas explayadas, lises, aspás, y otras que el señor Fernández Alonso, muy perito en blasones, no logró identificar.

Hay una ermita de San Benito en el monte de Uceira, y San Miguel, Santa Ana y la Magdalena, en Sandiás.

Santa María de Couso de Limia tiene los lugares de Cerredelo, Couso y Vilariño das Poldras. La atraviesa la carretera que va al Penedo desde Sandiás.





Portada da igrexa de Santo Estevo de Sandiás nos anos 30 do século pasado/ "Geografía General del Reino de Galicia"

### **III.3. O peinador da Moura no monte das Cantariñas en “Da mitoloxía popular galega. Os mouros encantados”<sup>28</sup>**

No monte das Cantariñas, na parte occidental de Limia, hai uns penedos de raro feitio traballados pol-a erosión. N-un d’iles hai unha sorte de caracocha qu’oferce no fondo unha cómoda cadeira, gardada do vento por todos lados agás pol-o fronte, e cunha fenestra oval á man dereita, formando coma si fora un confesonario. Aquil é o *peinador da Moura*, e hai tamén a pia onde se bañaba, cadeiras, regos e pozancos. Por ali andaba gardando as ovelas a Mariquitiña, unha neniña moi feita. E de cando en cando, surtía dos penedos unha señora que collía á nena e levábaa e penteábaa moi ben e despois dáballle carbón e dicíalle qu’o levara pr’a casa mais non dixera nada a ninguén. E a rapaciña voltaba pr’a casa moi lavada e penteada, sen se saber quen a adubaba d’aquil xeito, e o carbón que traguía ó chegar á casa volvíase diñeiro.

E asina trouxo moita riqueza; mais a nai preguntou e preguntou, e por fin a Mariquitiña referiu o que lle pasaba no monte. Entón, cando volveu aló, a señora comeuna. E coma non daba volto á casa, a nai esconsolada foi ó monte chamar por ela, e chamaba e berraba; mais ó chegar ond’os penedos, ouviu unha voz que lle respondía:

-A Mariquitiña, por lengoreteira

Está na mina barriga

Fritida con allo e manteiga.

Hai un variante d’iste conto n-iste lado, onde din:

-A Mariquitiña por parladora

Está na miña barriga

Fritida con allo e cebola.<sup>29</sup>

### **III.4. Un caso de licantrópía (o home - lobo)<sup>30</sup>**

“O lycántropo é o home que se volve lobo. (...) O lycántropo en galego chámase lobis-home e ás veces por confusion lubicán. A tradición é coñecida, estesa e vivaz en Galiza e Portugal.

Hay poucos anos, no 1924, iban dous homes pol-a estrada de Castela car’a Xinzo, baixando pol-a costa da Fontela, perto de Piñeira d’Arcos, mesmo entrando na Limia, e saíulles un lobo ó camiño, eso qu’aínda era día. En toda aquela terra e aínda n-Ourense falouse moito d’aquelo, porque había tempo que se non lembraba qu’andiveran os lobos tan bastos pra baixaren á estrada, e mais tan pasaxeira com’aquela é. Un dos homes levaba unha carabina cargada e ó ver o lobo quíxolle disparar, mais o tiro non saleu. O

---

<sup>28</sup> *Nós: boletín mensual da cultura galega*, n.º 43, A Coruña, 25/7/1927, páx. 14

<sup>29</sup> Esta lenda é moi similar á que nos contou Urbano Santana no seu Resume, referida á moura do “Monte d’os Picos”, e que recollimos na páxina 27 deste libro.

<sup>30</sup> RISCO, Vicente, *Un caso de licantrópía (o home - lobo)*. Discurso lido o día 23 de febreiro do 1929 na súa recepción pública, por don Vicente Risco Agüero e resposta de don Ramón Cabanillas Enríquez, A Coruña, 1971, s/f.

feito interpretoouse no senso de qu'o lobo aquil era un que tiña a fada (...), pol-o menos no Sul, cando un pregunta pol-as fadas, a xente non entende o que n-outras linguas romances se sole entender por fada (hada, fée, fata) (...)

Non; o que n'outros lados chaman fadas, chaman eiquí donas ou mouras ou señoras, mais por fada todos entenden outra cousa, e cando ll'un pregunta, responden: –«Ay, d'unha vez a un botáronlle unha fada...» Unha fada é unha maldición (...), unha sorte de malefizo, que foi o que ll'aconteceu a Manuel Blanco Romasanta precisamentes. (...)"

### **III.5. A ferraya no "Arquivo Filolóxico i etnográfico de Galiza"<sup>31</sup>**

"En moitas terras para o Sul de Ourense, o alcacén chámase *ferraña*, na Limia, *ferraya*, O nome comprende as herbas que medran por antre as cepas, etc. De ela fan *porretas* ou *gaitas* os rapaces, dándolle unha cortadela oblícuca, pra que faga de palleta ou lengoreta vibradora. Na Limia, temos ouvido a comparanza: «Canta como as porretas da ferraya», referida a unha rapaza. Tamén as temos visto coller verdes pra facer porretas."

### **III.6. Cousas da Limia<sup>32</sup>**

O desecamento da lagoa de Antela, vella ilusión dos economistas do século XVIII, recollida despois polo Deán Bedoya e por outros, da actualidade a unha das comarcas máis definidas e máis fermosas de Galicia.

(...) A Veiga, ou sexa a chaira, con moitas terras de pan –houbo quen chamou á Limia "o graneiro de Galicia" –, prados intensamente verdes, rodeados de carballos cerqueiros, onde alternaban algunhas vacas mareladas co gando negro, o "bos ibericus" de aquí, de Viana, de Caldelas; A Veiga está rodeada de montañas que azulean ó lonxe, cada vez con azul máis claro. Mirando o Sur, destacase no horizonte o cerro das doce: cando o sol está verticalmente por riba, é o mediodía; é un reloxo cósmico. Ó pe dos montes do primeiro termo está a torre de Porqueira... Dos castelos que exaltaron a Benito Vicetto, a don Benito Fernández Alonso e a outros: Sandiás, a Pena, Porqueira, non sobreviviron máis que as torres... Sentado ó pé da torre da Pena, vin voar sobre a miña cabeza unha garza real; sen dúbida traía algunha mensaxe da Idade Media, que quedou tan secreto dentro de min, que eu mesmo non me decatei. Aquela torre domina a beira sur da lagoa. Cando a lagoa sexa desecada –agora parece que vai de veras– botarémola de menos os románticos, os cazadores e as súas vítimas. As aves raras – alí foron cazados dous cisnes boreais, os cisnes de Apolo Hiperbóreo... Deben atoparse disecados na Universidade de Santiago – onde van atopar despois descanso? Mais o que non podemos esquecer é que Galicia ten alí a súa

---

<sup>31</sup> Nós: *boletín mensual da cultura galega*, n.º 122, Santiago de Compostela, 15/02/1934, pág. 35.

<sup>32</sup> *Vida Gallega*, n.º 724, Vigo, xullo de 1957. Tradución ó galego publicada en *A Torre do Castro. Revista Cultural e Turística do Concello de Sandiás*, nº3, Ourense, 2009

Atlántida: a cidade de Antioquía, asulagada baixo as augas... Todos alí oíron as súas campás e os seus galos, aínda que non queiran dicilo. Mais diso haberá que falar outra vez.

### **III.7. Descanso en el camino y viajes a pie<sup>33</sup>**

(...) desde Ginzo de Limia a Villar de Barrio, es poco camino, pero, si se quiere, puede durar un día. Abajo se ve la laguna Antela, que ahora andan para desecar; esta fué la obsesión de los economistas del siglo XVIII, y ahora parece que le llegó la vez. Espesuras de juncos y espadañas ocultan parte de ella en el verano; en el invierno, la habitan aves acuáticas que vienen hasta del más lejano Norte, incluso el cisne boreal, que anidaba en el templo del Apolo Hiperbóreo. En Morgade, hay una iglesia románica de un estilo propio de la Limia. Tumbado a la sombra de la torre del castillo da Pena, vi volar sobre mi cabeza una garza real. Más allá está el abandonado convento franciscano de Trandeiras, a uno de cuyos frailes debemos la noticia de que los terribles cínifes que se levantan zumbando de la laguna, son los ejércitos encantados del Rey Artús.

Que en el fondo de la laguna, y a punto, quizá, de ser descubierta, está la ciudad encantada de Antioquía, es noticia más vulgar. Poco camino, se va y se viene, cómodamente, en una mañana, pero a cada paso un relato, a cada paso un descanso...

(...) somos muchos los que aseguramos que nunca hemos sido tan felices como cuando fuimos caminantes libres de obligaciones. Que el "civilizado", cuando más lo sea, y más hombre de estudio y de gabinete, arroje cuanto pueda estorbarle, y camine sin guía, sin máquina fotográfica, sin cuaderno de apuntes, sin etapas previstas, sin plan; redúzcase lo más posible a los cinco sentidos y a llevar abiertos los poros del alma. Por momentos, la llanura llegará a parecerle infinita y llegará a vislumbrar Antioquías en el fondo de los lagos.

### **III.8. Antioquía en la Limia – No ha habido una sola Atlántida<sup>34</sup>**

Los acontecimientos tienen o no lugar; los hechos de la historia se repiten o no se repiten; pero, si los acontecimientos suceden, si los hechos se repiten, ha de ser como el mito los describe, pues el mito es el modelo de todo acontecer, es el arquetipo de la historia. En la Limia Alta, existe una laguna de legua y pico de largo por casi otra de ancho, interrumpida por junqueras y espadañas, que viene señalada en los mapas de España y mencionada en los textos de geografía, con los nombres de laguna Antela o lago Beon. Es tan notable por sus recuerdos históricos y legendarios, como por el empeño que han tenido en desecarla todos los personajes emprendedores, desde los benditos tiempos de las Sociedades Económicas de Amigos del País. Cría ranas y sanguijuelas, que son sabandijas graciosas y

---

<sup>33</sup> RISCO, Vicente, *El libro de las horas*, Ourense, 1961, pp. 36-41.

<sup>34</sup> RISCO, Vicente, *Orden y caos. Exégesis de los mitos*, Madrid, 1968, páxs. 170 a 174.

repugnantes respectivamente, aunque útiles unas y otras. Cría patos salvajes, y en ella se encuentran muchas veces cigüeñas, garzas reales y otros volátiles más raros, como son los cisnes boreales, de los que conducían la barca de Lohengrin, y aún según algunos, sugestionados por las invenciones de Hecateo de Abdera, la barca solar, y otras especies no localizables.

Pero lo más digno de nota es que en el fondo de la laguna se encuentra la ciudad de Antioquía.

Inútil preguntar por el origen de esta ciudad. Hay quien atribuye su fundación a Amphíloco, que pasa por haber sido también el fundador de Orense, entre los forjadores de prosopias helenizantes. ¿Amphiloco o Antíoco? Ni con uno, ni con otro nos apartamos de la guerra de Troya. En cuanto al pecado por el cual sufrió Antioquía, «una suerte parecida a las Pentápolis en la Palestina», fue, según dicen, pecado de idolatría; los de la Limia adoraban al gallo «cuya figura se destaca aún hoy en las torres y campanarios de Galicia», y en castigo de ello fue sumergida su ciudad bajo las aguas.

¿Qué significa este gallo? ¿Cuál es su simbolismo? La mitología clásica nos lo enseña: *Alectrion* era el escudero de *Ares* (Marte). En las entrevistas del dios con *Afrodita* (Venus) –¿entrevistas allá en el fondo del amor y la muerte? – el papel de *Alectrion* era montar la guardia y avisar a los amantes del peligro próximo. Una noche se descuidó *Alectrion* y los amantes fueron prendidos por el celoso marido, *Hefaistos* (Vulcano), en una red de hierro invisible. Hefaistos llamó a los dioses para que los viesan; ¿qué fue esto, la ostentación de una vergüenza a la revelación de un misterio? Lo que fuese... *Ares* castigó a *Alectrion* corvintiéndolo en gallo... Desde entonces el gallo no volvió a olvidarse de cantar las horas.

He aquí algo que nos llena de estupor y de inquietud; el gallo es, indudablemente, la conciencia vigilante... por entregarse a ella, fueron castigados los habitantes de Antioquía... Pero, ¿no nos habían dicho...? ¿No habíamos sacado en consecuencia que la conciencia era el orden, inconciencia el caos? ¿No es el pecado un quebrantamiento del orden? Entonces, ¿cómo puede ser pecado entregarse a la conciencia vigilante?

Veamos: lo propio que a los antioquenos, les aconteció a los atlantes... La Atlántida era, en su disposición ultracivilizada, en su economía, en su gobierno, una maravilla de organización, de racionalización, de artificio, de triunfo sobre la naturaleza inculta (...) Es decir: en la Atlántida reinaba el Orden y, sin embargo, fue castigada y desapareció para siempre bajo las ondas del mar Océano (...) ¿Estará el pecado en querer sustituir el orden natural de las cosas por un orden artificial? ¿Un orden necesario por un orden arbitrario pero férreamente planificado? ¿La voluntad de Dios por la voluntad del hombre?

En los días claros y en calma, cuando las aguas adquieren una transparencia de purísimo cristal, se puede apreciar, en el fondo de la laguna,

las cúpulas y las torres de Antioquía. En las noches serenas, en medio del silencio augusto de los campos, se pueden oír el canto de los gallos y el tañido de las campanas de la anegada ciudad.

No se trata de un caso único: en Galicia mismo el arzobispo Turpin nos habla de la ciudad de Lucerna en Valverde, cubierta por las aguas de un lago; en Lamas de Aguada, Carregal, Daviñas, Maside, (...)

Pero Antioquía es también –como Ker-Is- una ciudad encantada. ¿Qué significa «una ciudad encantada»?

Antioquía es una pequeña pero suficiente Atlántida. Es todo un mundo que desaparece de entre los hombres.

A los oídos de los paisanos de la Limia llega el son de las campanas de Antioquía; a sus ojos, el vislumbre de sus cúpulas y de sus torres, pero los paisanos que las oyen y que las ven, viven separados de Antioquía por una distancia incalculable, que no es de leguas, ni de siglos, sino de alma. Los paisanos que escuchan las campanas y adivinan las torres de la ciudad sumergida, tienen «otra alma» enteramente diferente del alma de los habitantes de Antioquía. Si uno de éstos saliese de la laguna y apareciese en cualquiera de las aldeas de alrededor: en Morgade, en Sandiás, en Trandeiras, o en Abelenda das Penas, o en Vilar de Barrio, aunque hablase el mismo lenguaje que aquellos paisanos, con idénticas palabras y giros idénticos, con el mismo repertorio de expresiones y alusiones, estilo y hábitos de pensamiento, no sería de ningún modo entendido por ellos, y el habla aquélla, siendo la propia, sonaría a los paisanos como dialecto hablado en la luna.

Antioquía ha muerto, y lo que vive nada tiene en común con ella. Antioquía, o la Atlántida, es lo mismo. También Antioquía pudo tener muros cubiertos de oricalco y puertas de oro, quíntuple recinto y canales navegables entre sus murallas, templo para Poseidón –o para el gallo, o el dios que tuviese figura de gallo, como el Abraxas sirio..., idea nada tranquilizadora–, palacio para el Rey –se llamase Atlas, o Henoch, o Antíoco–, cuarteles para las tropas –hoplites, catafractarios–, puerto para las naves, mercados para los traficantes... Antioquía o la Atlántida, es lo mismo. Ambas yacen bajo las aguas

## IV. OTERO PEDRAYO

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 5/3/1888 - 10/4/1976) foi un prolífico escritor, ademáis de mestre e político. A súa amplísima e variada obra atópase espallada tanto en libros como en artigos de xornais. Foi unha das personalidades máis sobranceiras da cultura galega e gozou de grande éxito. Según Ricardo Carballo Calero: "A popularidade de Otero naceu da súa oratoria. (...) [Mais] O que Otero nos pode dar excede moito dos límites dunha conferencia. (...) é un mundo poético, e no seu caos e no seu cosmos están, mesturados ou isolados, todos, todos os átomos da creación"<sup>35</sup>.



Foto: Fundación Otero Pedrayo

Científicamente, destacou como xeógrafo, con obras tan recoñecidas como a súa "Guía de Galicia" que tivo numerosas reimpresións dende a súa primeira edición de 1926. Nela atopamos as súas primeiras referencias á Limia e o noso concello.

### IV.1. A Limia e Sandiás na "Guía de Galicia"<sup>36</sup>

La Limia alta, región aluvial, la más extensa y característica de Galicia, reúne, en lenta y perezosa circulación, corrientes de la sierra de San Mamede, situada al NE. de la línea de relieves (Penedo das Portas, Penamá, montes Calvo, de Bande, Silvaoscura), que forman el reborde abrupto sobre el valle más bajo del Arnoya.

Geológicamente, La Limia forma un manchón diluvial entre formaciones graníticas, y adopta la forma de una gran hoja de tres lóbulos, cuyo pedúnculo fuera el río Limia desde el puente Liñares, en cuyo punto el río trueca en breve trayecto el ritmo lento de la circulación en los terrenos diluviales y comienza a fraguar con ritmo acelerado el nuevo tipo de valle. Los tres lóbulos de la hoja del símil que hemos adoptado, pudiesen llamarse de Antela el NE., de Abavides o de Moreiras el SE., de Ganade el occidental y más inmediato al pedúnculo. El drenaje imperfecto de las aguas mantiene el resto del antiguo y permanente régimen de laguna an la Antela o Beón, donde aun en los estiajes más extensos forman las aguas entre densas vegetaciones palustres animadas por los bandos de palmípedas, los espacios lacustres llamados en conjunto "ría" por los campesinos, verdadero testigo de un sistema anterior, cuya huella es visible en la naturaleza y humedad de la tierra fertilísima, verde y nebulosa en los inviernos, fácil en recobrar bajo las largas lluvias su carácter antiguo; el que perdió por el proceso natural de la

<sup>35</sup> CARBALLO CALERO, Ricardo, *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña, 1982, páxs. 117-119.

<sup>36</sup> OTERO PEDRAYO, Ramón, *Guía de Galicia*, cuarta edición, Vigo, 1965, pp. 23 e 24.

erosión ascendente del río emisor, el Limia, y por los múltiples trabajos de desecación para obtener en vez de lamas forestales o pastorales, ricas tierras de labor. Así las aguas persisten al NO., al pie de los relieves divisorios. El cerco de formaciones graníticas proyecta promontorios como el que sustenta cerca de Xinzo la torre de la Pena o el de Sandiás, e islotes en el ámbito de la cubeta diluvial. De la Antela o laguna de Beón sale, en lenta corriente por el puente de Las Poldras, el río Limia, al que pronto se incorpora el Xinzo.

La Limia, interesantísimo país de pantanos y prados, inmensas tierras de patatas y centenos, y grandes robledas. El verano afirma los verdes. El invierno afirma el área de la laguna Antela o de Beón, determinada por los pueblos de Sandiás, Labandeira, Cortegada, Trandeiras y Morgade. Están en su momento final las obras de desecación de la laguna. La superficie obtenida, permitirá, además de buenos lotes cerealistas, el sostenimiento de quince mil cabezas de ganado. Interesante vegetación palustre, (Antela: nombre de una planta lacustre) y la población inmigrante de aves acuáticas (cisnes: ejemplares en el Museo de Historia Natural de la Universidad de Santiago) que anidan en las altas hierbas. Es el único país gallego en el que se encuentra la cigüeña. Las torres de Sandiás, Pena, Porqueira y Celme decoran el paisaje, verde o nebuloso, sonorizado por el croar de las ranas (plato típico: las zancas de rana), animado por los grandes bueyes negros, cerrado por espléndido horizonte de cumbres: Cabeza de Meda y, sobre todo San Mamede y sierras de Queixa, al Poniente; Larouco y Pena, al Mediodía; Aguioncha, montes de Bande, al Poniente. Los puentes y cerros adquieren gran valor en esta tierra aluvial<sup>37</sup>.

(...) En el Medievo fue condado, teatro de guerras feudales y luchas con Portugal. Los portugueses atacaron el castillo de Sandiás en el reinado de Juan I de Castilla. Pedro Madruga arruinó la fortaleza. A su gran fecundidad debe el país el nombre de Palla Áurea, que le dan algunos documentos antiguos. Se le tiene por patria de las dos ilustres y desgraciadas hermanas Inés y Juana de Castro. En la novelística romántica, inspira La Limia el libro de Benito Vicetto, El lago de La Limia<sup>38</sup>.

La carretera en una longitud de unos 25 kilómetros, casi en rectas desde Vila de Rei hasta Torneiros por Trasmiras, Abavides, Xinzo, el puente de Las Poldras (3 kilómetros de Xinzo a la altura del pedúnculo de la laguna donde el río Limia se engarza con ella), Sandiás y Piñeira de Arcos, asciende la larga cuesta de San Marcos, reborde rocoso de la meseta aluvial de La Limia sobre el valle del río Arnoya, tránsito de la ribera a la montaña (de los contemporáneos del trazado del camino quedó la interpretación de las curvas y ángulos de la cuesta de San Marcos, como dibujo de las iniciales del nombre y apellidos del ingeniero que la dirigió: Práxedes Mateo Sagasta), y

---

<sup>37</sup> *Ídem*, páx. 233.

<sup>38</sup> *Ídem*, páxs. 233 e 234.



alcanza las orillas del Arnoya, donde alzan las históricas iglesias y antiguos solares de Allariz<sup>39</sup>.

#### **IV.2. A Limia en “Un interesante itinerario d’un viaxe a través de Galicia no século XVIII”<sup>40</sup>**

(...) Abavides dend’un monte olla a larganza da Limia Baixa; centeeiras. Baixando un repeito dend’o pobo e torcendo á esquerda éntrase na Limia. Fermosa terra traballada ó xeito da de Campos mas de mór variedá de froitos. A pesares do tempo todo figuraba ameno e delicioso.

Xinzo

Dende lonxe vaise vendo Xinzo pol-a ponte chamada Antela de catro arcos con dous anacos de calzada. Ten 160 veciños; a eirexa parroquial rinde ó crego de 90 a 100.000 reais de vellón; nas casas traballaron bos artistas mais en opinión do redactor do «Itinerario» fixeron mal en inspirarse en exemplos vizosos. O país pol-a fermosura e farta de prodoitos apenas ademite comparanza con nungún outro. Compre desecar a lagoa, idea que teñen moitos particulares sen citar cales. Na casa do Sr. Correxidor houbo unha encenta épica debida á *generosidad genial de los naturales. Se admiró aquella noche una cena tan espléndida y abundante con solas las producciones del país que no sería fácil describirla aunque se intentara. La variedad de manjares quasi parecía confusión y solamente pudo advertirse que de todo comían aquellas buenas gentes sin que se notase fastidio ni alteración en su naturaleza fuerte y robusta.* Chovía a rego e facíase difícil camiñar pol-o país curtado de canles e pontillós pol-o que voltaron a comer en Xinzo; foi motivo para outra mesa *sumamente espléndida cuya variedad y abundancia manifestaron la opulencia del valle de La Limia.*

De Xinzo a Allariz

Baixo a chuvia pol-o país chao que non abonda en Galiza. Necesidade d’unha boa ponte sobre o Limia pois o eisistente non sirve para carreteira. Anacos de calzada. Rubida entre arboredas a Sandiás (300 vec.) rico torrón. Dende Piñeira domínase o millor chan da Limia inondado por non ter por onde despedir as augas encoradas; os logares están na aba de pequenas outuras. Rodean a Piñeira variedade d’árbores e bos lameiros e searas. Eiquí atoparon co Sarxento Maor de Milicias d’Ourense e mais o abade Quiroga que viñan agardar ós comisionados en Xinzo e non poideron romper pol-o temporal. Terreo raso e enxoito por moito tempo baixo a escaravana e sin un albre para acollerse.

---

<sup>39</sup> *Ídem*, páx. 236.

<sup>40</sup> *Nós, boletín mensual da cultura galega. Órgao da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 60, 15/12/1928, páx. 220, e n.º 61, 15/1/1929, páx. 8.

### **IV.3. A Limia en “Arredor da Céltiga inmorrante”<sup>41</sup>**

“A Auvernia<sup>42</sup> cingue de cotos poboados de castiñeiros aquil chan labrego que Amuniano Marcelini<sup>43</sup> comparaba c’un mar de espigas: (A Limague), como as serras ourensáns cinguen i agariman o chao lentreto: (A Limia) de carballeiras e bois negros, e homes loiros. (...)”

### **IV.4. Fauna da Limia en “Encol do elemento animal na paisaxe”<sup>44</sup>**

“Os dous tipos ou formas, ceibes ou caseños, dos animaes son indispensabres pra a integración da nosa paisaxe. (...) os insectos. Infindos, misturados ca coor da vexetación, compretan e definen os caracteres físicos da paisaxe, amostran un perfecto acomodamento á temperatura, á nebulosidade, á humidade con máis perfeición que outras especies animaes. Lémbrese a paisaxe lagoenta da Limia coberta de nubens de mosquitos, os saltamontes dos lameiros, (...)”

Dos insectos pasemos ós paxaros. Eles son propios de cada sazón do ano. Cas súas emigracións, presencias e ausencias, e seus cantos perfilan e desenvolven Aquiles caracteres da paisaxe ou d’un momento da paisaxe que n-un primeiro ollar cecais non sexan percibidos. (...) O día de xuntanza das anduriñas pra o seu pelerinaxe anual, ou o outo pasar das aves dos lagos, sinalan istantes críticos na paisaxe cósmica. (...)”

Agora consideremos un anaquiño os animaes que viven en crara sociedadá cos homes. (...) Os animaes domésticos (...). Algúns en rebaños, son elemento esencial de algunhas paisaxes. (...) A Galiza verdadeiramente labrega góbrenase co gado vacuno. Mouro ou marelo. Calquer paisaxe traballado de veiga se non comprende sin as vacas e os bois. Os artistas da catedral de Amiens esculpiron en relevos eispresivos ós bois homildes, carregadores do material, que figueron posible a obra. No mesmo senso eles acompañan e acompasan o traballo labrego. As súas pisadas, como as das abenzas, axudan a darlle a súa fisognomía ós camiños, ós eidos, ós lameiros e ós montes. (...) Na Limia lagoenta son espresivos dos aspeitos e función esenciaes da terra limiá, os rebaños de mouro gado. Mais ás veces un soio animal, deitado ou pastando, nos lameiros agoirentos, demarcados por sebes da terra inzada de verdes salgueiros ou retortos carballizos, abonda para suxerir a tónica da paisaxe e todol-os máis caracteres que no decorrer universal o enteiran.”

---

<sup>41</sup> *El Pueblo gallego, rotativo de la mañana*, n.º 2.389, Vigo, 1/12/1931, páx. 16.

<sup>42</sup> Rexión histórica da Francia central.

<sup>43</sup> Amiano Marcelino, historiador romano do século IV.

<sup>44</sup> *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, n.º 105, 15/09/1932, pp. 159 e 162.



Xugada de bois de raza limiá nos anos 30 do século XX/ "Geografía General del Reino de Galicia"

#### **IV.5. A Lagoa de Antela en "O cisne viaxeiro"<sup>45</sup>**

"Como unha nuben branca e morta o yalbo paxaro deitado no chán esperta a imaxe d'espranzas e camiños asesinados. Apenas tivo vagar para o folgo levián nas verdes yerbas ondeantes da lagoa. As yaguas fillas das neves da serra, as boas e nutricias yaguas galegas apenas poideron apañar o fuxir da soma d'un voo senlleiro.

Bergantín ancorado no esteiro lamigoso da morte deixa horfos ós ceibes vieiros do vento. Como velas as azas seituraron gabelas d'ar nordesío, bogou a proa do peito na pureza astral da luzada, non perdeu a roita nos arquiépílagos engañosos das nubes nin foi lixado por o fume mouro das cidades dos homes. Trouxo sen mágoa a embaixada boreal e morreu como morre un lírico canto.

Si tivéramos ouvidos pr'as verbas do vento, nas paisaxes de verde mar apadriñado por o severo centilear dos neveiros cegos e lumiosos. Fica no hourizonte a presenza crucificada de estrelas, consoada por piedosas lúas, da noite polar. Un iceberg ventureiro desamarra con ledro bruído de partida e boga ao sul pra faguer carátulas de outro mundo ás costas verdes i-as naus confiadas dos homens. O paxariño é apenas unha presa de neve que bule e chouta, mergúllase na onda, i-ensaia voos ledos e sportivos xogando cas raiolas hourizontaes, as longas raiolas optimistas do sol da primaveira ártica.

---

<sup>45</sup> *El Pueblo gallego, rotativo de la mañana*, n.º 3.039, Vigo, 23/12/1933, páx. 14.

Cada mañan chegan novos enxames cantareiros, rechouchían niños nas furnas escultradas por o buril dos lazos, no lombo das foulas os argazos peitean verdes cabeleiras, o sol entra ás beiras de sinxelas frolañas as abadas, as focas, graves e lostreros burgueses hanseáticos, ríin cos seus bigotes pramentos d'aquil tolo rebullicio. O cisne somentes non canta. Engaiolado na xiada pirotécnia da Aurora boreal sofre de infindos degoiros e como é irmán do vento quer timonear o vento trunfador.

No voar vai ascendendo ao sol e cada bater d'aas desenrola novos hourizontes gasalleiros. Testas pensatibres dos promonteiros, quieto loscir das badías, os bosques mestos agatuñando as encostas respondendo ca grande frase unánime á pulsación dos ventos, os chaos roibos de colleitas, os montes cos mantelos de sol ou panos sedáns da luar. Mais o paxaro non pode pousar. Tén seu degaro de comprir. Non escoita a chamada das costelacións das luces das cibdades nin folga no vagantío dos areals yalbos e tentadores como sereas nas tebras. Un intre para no "Tiergarten" escoitando filosofías, cecais un "lieder" xermánico o esperte no Harza ulente a peñeirals. Como Lohengrin fuxe dos engádegos i-é soilo encol da doce Francia a soma d'unha voltoreta nun brazo dondo de muller.

A terra do degoiro xúrdelle ergueita por o outono como un niño de frondas pra pousar, e morrer ceibando o derradeiro e soilo canto. Nas yaguas da Antela penduraron as aas sen forza, o yalbo cisne foi unha ilusión de beleza á deriva da fadalidade. Acenderon as carballeiras páledos lumes funeraes i-os sinos das torres alagadas vibraron un derradeiro son."

#### **IV.6. A Limia en "El auténtico trabajador"<sup>46</sup>**

(...) Este auténtico trabajador ha recorrido luengas tierras, gana aún cada día su pan y el de su gente, cree en Dios, y no ha perdido el encanto inocente de las hermosas mitologías de su estirpe. (...) Describe con alegría y amor sus trabajos de «serralleiro», juzga sin acritud a las gentes por quienes le preguntamos, y al saber que hace poco tiempo hemos recorrido la tierra en que nació, los ojos cansados en el semblante arrugado y sucio se encienden con alegría infantil de recuerdos.

–«Hace cuarenta años que no la veo. La Limia es rica y generosa. Guarda en el fondo de su laguna tesoros sin cuento. Una ciudad entera, la antigua Antioquía con sus torres, sus calles, sus plazas, sufre «asuhagada» el castigo de haber desconocido al Señor. ¡Pues Dios pasó por allí! Llegó Cristo

---

<sup>46</sup> *El Correo gallego: diario político de la mañana*, n.º 20.953, Santiago de Compostela, 19/4/1939, páx. 4. Baixo o seudónimo de "Luís de Peñanofre", Otero escribiu este artigo na sección "Estampas Gallegas" do periódico *El Correo Gallego* do 19 de abril de 1939, cando a Guerra Civil española practicamente acababa de terminar. Na década dos corenta, o "refuxio" de Otero vai ser fundamentalmente a prensa; estes artigos terán periodicidade irregular e irán asinados con diversos seudónimos, principalmente usará o de Santiago Amaral, pero tamén usará o de Luís Peñanofre, Juan Gallego, Luis de Alba... non asinará co seu propio nome ata que volva a escribir en galego, a mediados dos anos corenta. *Vid.* OTERO PEDRAYO, Ramón, *Artigos de posguerra: Finisterre e Sonata Gallega*, Vigo, 2002, páx 10 e 11.

cansado del largo caminar, pidiendo hospitalidad y solo encontró befas y desprecios. ¡Hasta un zapatero le tiró al rostro un tacón de zapato! El señor subió al monte, allí encontró amor y cobijo y desde allí –desde el coto de la Pena, o desde el coto de Sandiás– pronunció la merecida sentencia. Se anegó la metrópoli impía. Siendo yo niño, mi abuelo abriendo un pozo descubrió un profundo camino empedrado y siguiéndolo llegó a la ciudad y recorrió sus rúas. Estaban intactas, pero no se veía gente alguna. Otras personas la han visitado bajando por el subterráneo que hay debajo de la torre de Sandiás.»

–«Los ingleses quisieron descubrirla y hace años llegaron unos ingenieros con grandes máquinas como las del tren, pero bien pronto se cansaron. También llegó una vez una señora muy rica, que vivió por las aldeas haciendo muchas caridades y diciendo ser la reina de la Antioquía sumergida. También renunció a su proyecto. Inspira miedo intentar romper el testimonio de la justicia de Dios.» (...)

#### **IV.7. A Lagoa de antela en “Ría, Rin”<sup>47</sup>**

*Tod’o largo d’ísta ría...” dí o labrego da Limia deteñendo cecais a podente xugada de mouros bois e sinalando os embazados ou os briladores espellos da Antela ond’aniñan as aves migradoiras, e se moran fantasmas de fidalgas torres agasalladas pol’a maxinzón de Vicetto.*

#### **IV.8. A Limia en “Borborín, Borborás, si non calas, chorarás”<sup>48</sup>**

Arestora no lago da Limia han devalare renascentes estadeas de néboas e a geometría das carballeiras espidas ha de figurare rexos augafortes riscados nos poentes de cinza mollada, nas augas cheas.

Os augafortes e as ponlas núas a pesares de semellar lonxe do sentimento –non diu a man un risco froxo ó dibuxar, non hai esquema de Ramallo sin a súa proporción xeométrica– gardan un senso de fada lista perfeución inteleitoal, da apaixonada mocidade das ideas puras e teñen por iso seu estilo romántico, e nórdico...

E Benito Vicetto debía cruzare n’iste tempo de chea pé do Castelo de Sandiás, dinantes que desabrocharan n’un luar mingoante e tristeiro as froliñas chamadas “ollos de Ánxel da Morte”, cando maxinaba os primeiros lusco-fuscos de paixón, as doncelas de luar e néboa, da súa novela –ou novelo– limiá.<sup>49</sup>

Un límico ou limián de fai séculos, Idacio, bispo de Aquas-Flavias<sup>50</sup>, escoitaba dende o seu recanto galego o maino derrubárese de pórticos i

---

<sup>47</sup> *La Noche, único diario de la tarde en Galicia*, n.º 7.964, Santiago de Compostela, 02/09/1946, páx. 1.

<sup>48</sup> *La Noche, único diario de la tarde en Galicia*, n.º 8.052, 24/02/1947, páx. 2.

<sup>49</sup> Pedrayo refírese á novela de Benito Vicetto *El lago de la Limia. Historia caballerisca del siglo IX*, publicada na imprenta de Castor Míguez de A Coruña no ano 1861.

<sup>50</sup> Nome latino da actual cidade de Chaves.

entrondare de paredes, medrado por os ecos; do Imperio, e no medo dos tempos escribiu o Chronicón da esperanza da Edade Media.

Vicetto, escritor errante, espreitando nas vagarosas lonxanías do Febreiro limiáu ás fantasmas dos castelos no rodopío da lagoa e nas augas cheas as cabeleiras de Ofelias alagadas das herbas en longos mollos elexíacos, compuxo o Chronicón da Fantástica.

E isto no século dazanove, o século da Historia de aquil grande e laboioso folgar en que o deslouveadiño por a filosofía trascendental aquecía no Ager Romanus de Momsem ou disfroutaba con Grim, con Boek no xermolar das frondas das verbas xermánicas, das verbas gregas... No dazanove Europa disfroutaba na historia fermosas vacaciós de metafísica.

Torres de Celme e da Pena, de Porqueira e de Sandiás, decotadas carballas de pedra que non han agromare novas ponlas, fantasmas cecais ou maxinacións da néboa. ¿Qué dura máis, a pedra ou a neboeira?

De neboeira fixo Vicetto as princesas, como ela fermosas, gandidoiras e fuxitivas, das aas das áves palustres os destinos e as paixóns do surdo e alongado queixume espertado por o vento do San Mamede na tona da lagoa.

Cas derradeiras hedras verdes dos castelos limiaus fixo Vicetto unha croa pros seus herois do tempo dos alarbios e os alquimistas. Como teceu co teixo das serras dos Artabros a croa dos druidas.

Néboa. Os reises suevos no Pico Sagro, os nomes devoltos a un vivir histórico, cabalga Vicetto na néboa, esculcando un mar lonxano, a zuhida dun piñal que nunca chegou a mirar.

Si mirando as torres no espello da Antela lle xurdiu a novela, foi nas terras do Roade e de Sobrado onde escoitando o romance dos Borboriños chegoulle o acento humán que vidaliza a novela:

“Borborín, Borborás,  
si non calas, morrerás”

#### **IV.9. A Lagoa de Antela en “O aicionista e o fidalgo”<sup>51</sup>**

(...) Chegándonos ós medeados do dazanove xa os fidalgos, abolido o dereito de lanzas e medias annatas están ben n’un verde lusco-fusco de parreiras e buxos, no remate do paseo dos finos esteos de pedra, c’unha lus doirada e unha lonxanía...

(...) E por gostar d’aquillas celenzas tivo de topeñar co ilas o espírito do século representado por u n veciño aicionista de unha empresa...

(...) No 1845 por eixemplo, por os anacos das estradas recibadas de pouso, viñan os aicionistas de minas e de industrias. (...) O tipo do apaixonado da hidráulica non foi menos notabre. Os dous –e máis outros– veñen do “despotismo ilustrado”.

(...) Pro ningún aicionista, nin comisionista falaba como o representante da compañía “La Nereida fertilizadora”.

---

<sup>51</sup> *La Noche: único diario de la tarde en Galicia*, n.º 8.363, Santiago de Compostela, 25/02/1948, páx. 4

O mesmo Goberno de doña Isabel II, os Jefes Políticos i Económicos ou intendentos, a protexían. Viña salvar da esclerosis secular os campos de España. ¡Cómo houbera disfrutado don Manuel Fernández Varela! Inda que ben o Comisario de Cruzada trataba con moito respecto a Mitoloxía. Teimaba guiado por o correxidor Toubes enxoitar a Limia. Se non lembrou das nereidas. (...) A "Nereida fertilizadora" tiña unha máquina para enxoitar e regar... O seu represante espellaba veigas de millo, trebos ingleses, onde dinantes soio herdades e comareiros...

#### **IV.10. O río Limia en "Por os vieiros da saudade"<sup>52</sup>**

[As augas do río Lima e os] seus mainos espellos, da máis fina saudade lusitana, remanecen de augas nadas e batidas das grandes serras, nais de Ourense. Inda verdes e bravas, afeitadas ós ceos griseiros e ó silencio dos penedos, encoran na lagoa Antela. Carballeira e lameirenta, ten a Limia uns silencios e una chea beleza. Ven a ser respecto do esteiro, o que o románico respecto do barroco, ou cecais o rococó. Como a cantiga popular e o lirismo erudito. Paixón e morte do río Limia ou Lima, de singular destiño e símbolo. Máis ilustre, si pensamos no estupendo trocamento de ritmo no ponte, na vella ponte de Liñares.

#### **IV.11. A Limia en "Paisajes y comarcas gallegas"<sup>53</sup>**

"Como hecho geográfico ligado al tiempo, se nota claramente el ritmo retardado en el imperfecto circular de las aguas, que en los inviernos acentúan los aspectos lacustres y con ellos el papel de los espolones y colinas rocosas, solar de castillos y de lugares labriegos. Tierra verde, nebulosa, fría, de robledas y aguas muertas, dominio de los ocres y rubios del otoño de montaña, del oro grave de los centenos, tiene la Limia vuelos de aves palustres, una flora propia y hasta como elemento del paisaje nocturno el canto de las ranas."

#### **IV.12. A Limia en "La ruta de los románticos castillos de Orense"<sup>54</sup>**

¿Al pie de cuál la dulcísima Cordelia? Abonan al de Sandiás la predilección de las aves emigrantes y aquellas tristes flores amadas de Benitto Vicetto y de Valentín Lamas Carvajal conocidas en La Limia por "os ollos do ánxel da morta".

Poco antes de 1860 descendía Vicetto de las altas tierras del sur gallego, brumosas de invierno y tradiciones al Orense aún lejano a la puente romana y contento por la novedad de los trabajos muy adelantados de su primera "carretera". ¿Por qué el fino geólogo Schulz llamó en 1834

---

<sup>52</sup> OTERO PEDRAYO, Ramón, *Por os vieiros da saudade*, Vigo, 1952, páxs. 16 e 17.

<sup>53</sup> OTERO PEDRAYO, Ramón, "Paisajes y comarcas gallegas"; en M. TERÁN (Coord.), *Geografía de España y Portugal*. Tomo IV, Barcelona, 1958, páxs. 73 e 74.

<sup>54</sup> *La Noche: único diario de la tarde en Galicia*, n.º 11.606, Santiago de Compostela, 27/05/1958, pp. 4 e 8

“romántico” al valle de Orense? Sin duda las colinas ruiniformes, la lenta gracia del río, la serenata de los ruiseñores, le recordaban paisajes del Neckar como los celebrados por Federico Hölderlin (...)

A pesar de sus equívocos temporales y caractereológicos es Vicetto un buen poeta de La Limia, de “las aguas cristalinas del lago Beón tan tranquilas en el abismo de los encumbrados montes que parecen encerrarlo como las satinadas aguas de nuestras rías durante la calma inalterable de las mañanas de verano”.

En una nota a la novela “El lago de la Limia, historia caballeresca”, cuenta Vicetto como vio en Sandiás unas flores llenas de misterio y notó “su originalidad en desplegar la corola mirando a las ruínas de Celme” y como “su aroma se disipa en el instante mismo de abrir sus pétalos como si encerrasen un suspiro melancólico que se exhalara vivamente”. Añade que un joven poeta del país leyó al historiador “una tiernísima balada sobre estas flores”.

Se piensa ineludiblemente en Lamas Carvajal quien dedica a las dolientes flores de La Limia dos composiciones en “Españas, follas e froles”. Pero “El lago de La Limia” se publica en 1861 cuando el poeta orensano andaba por los doce años. Es de notar como todo a lo largo del citado volumen de Lamas Carvajal fluye un espíritu a “lo Vicetto”.

(...) La Limia en el tiempo de la madurez de los centenos ha sido comparada a la calma, grave y hermosa Limagne francesa. Los cuatro castillos viven en fino y apasionado tránsito de duína a recuerdo en el espejo temporal de la laguna cada día también más traspuesta en memoria.

Hace unas semanas una excursión de la Asociación “Posío” de Orense visitó las evanescentes torres de La Limia y otros castillos de la orilla izquierda del Miño orensano, siempre en el horizonte de Las Medas. El doctísimo Ferro Couselo guió la excursión. Sabe pisar con firmeza en los umbrales casi desvanecidos y su palabra devuelve ímpetu ascensional a una torre olvidada, como actualidad al eco encerrado en un topónimo.

(...) Dentro de ciertos límites de prudencia, respeto y ornato, es aceptable la restauración de algunos, pocos, castillos. Aún contando con lo perdido y evaporado al afirmar hiladas de piedras en trance de evasión. Uno de los últimos y genuinos hidalgos de La Limia media por los progresos de la ruina de los castillos [en] procesión en el claustro ideal de los recuerdos y en contrapunto de la decadencia de las torres de Sandiás, Celme, la Pena y Porqueira, le crecían sus torres de ilusión reflejadas en los espejos de una Antela de inmortales campanas “asulagadas”.

#### **IV.13. A Lagoa de Antela en “El planto asulagado”<sup>55</sup>**

Son viejos y actuales los ecos de las ciudades “asulagadas”.(...)

---

<sup>55</sup> *La Noche: único diario de la tarde en Galicia*, n.º 11.557, Santiago de Compostela, 29/05/1958, pp. 7 e 8



Los ingenieros están desecando según técnicas precisas y vigilantes, en el sentido de los despiertos sentidos, la laguna de la Limia. A Antela en geografía simpatizante y trascendental es tan vecina del delta del Danubio, de los lagos del Spree berlinés, de las albuferas levantinas como del calle del Arnoya o de la comarca de Verín en tiempos llamada también bellamente Varonceli. La habitan a sus tiempos reglados los flamencos rumanos celebrados por Panai Istrati, los cisnes amigos del inicial clasicismo romántico del Berlín de las historias de Hoffmann y las circulares lecciones de Hegel, los patos de vuelo dudoso en páginas de Blasco, de Azorín. El poeta de la Antela fue Vicetto, un apenas despertado. Los ingenieros quieren que la Limia tenga sus pupilas abiertas. ¿Dónde dormirán las bellas aves emigrantes? Al despertar se arruinarán los castillos. Quedarán sus fantasmas. No puede ser desvelado el mito. Sí la obra se cumple, aunque el río no pueda llevar a Ponte do Lima y Viana, orillas más acá del Leteo de los más saudosos "quinhentistas" portugueses, como el puro Diego Bernárdez, las hermosas historias, el ensueño enroscará sus cabelleras pesadas a las raíces de los grandes robles y en las "carballeiras" sonarán los acentos de las campanas "asulagadas".(...)

#### **IV.14. A Lagoa de Antela en "Se quiebra el mágico cristal"<sup>56</sup>**

"Es violado el ensueño de la Antela. Doblarán a muerto por la Poesía y el triunfo de la economía las campanas sumergidas. ¿Dónde posarán los flamencos - rosa y las garzas, mensajeros de los deltas del Danubio y de los lagos, de pupilas nubladas de fantasía, del Báltico? No nos asustemos demasiado. Si en vez de nuestras "lagunas pontinas" se doran grandes trigales la ciudad "asulagada" queda en el fondo del alma de Galicia, en la geografía y paisaje, inaccesible a las máquinas, de su espíritu.

Quien mejor conoce la Antela, el ingeniero y arqueólogo Conde Balvís, se despidió de sus cristales melancólicos, de su suelo dormido, hace poco tiempo. Y su hermoso estudio suena, sin quererlo su autor, a elegía y canto de adioses.

No intentaremos ni aún el esquema de los intentos y trabajos anteriores. Sólo apuntaremos algunas. La Galicia del XIX pensó en rescatar dos tesoros: la plata de los galeones de Redondela y la riqueza cereal de La Limia.

La idea es antigua. En 1831 publicó el docto, simpático y famoso canónigo-cardenal, aun no deán de Orense, don Juan Manuel Bedoya, en la "oficina" de Pazos, su "Memoria sobre el desagüe de la laguna de Antela o de la Limia, en la provincia y Obispado de Orense y Reino de Galicia". La conoció cuando desterrado por pasiones políticas habitó con los buenos franciscanos del Bon Jesús de Trandeiras que tenía caminos de zarzales entramados sobre el fango de la laguna. Los trabajos de desecación se

---

<sup>56</sup> *La Región*, Ourense, 04/10/1958. Tamén se publicou na revista do Concello de Sandiás *A Torre do Castro*, nº2, 2008, páx. 6.

habían comenzado con los donativos del espléndido mecenas don Manuel Fernández Varela, comisario de Cruzada de Fernando VII, de los concejos del país, y de del obispo señor Iglesias Lago. La idea, si no nació, se fortificó en la tertulia del obispo-cardenal señor Quevedo en cuya amable órbita comenzó Bedoya su vida orensana.

Ya en el famoso libro de Labrada "Descripción económica del Reino de Galicia" se menciona la voladura de las peñas por la "ponte Liñares" para dar salida a las aguas acrecentando el caudal del río. Se "formó" un mapa. El alma de la obra fue el corregidor de Ginzo Ldo. D. Julián Toubes. Estaba al frente de la empresa en 1832. Muchos años después el Ldo. Toubes, juez de Celenova, recuerda, en 1847, contestando a los que le acusaban cómo se desecó parte del área inundada, se rectificaron cauces y se abrieron caminos. Trabajó personalmente al frente de los vecinos de cuya simpatía disfruta por haber estado en las obras con ellos pasando frío, humedades y hasta sin comer, sigue diciendo en su escrito del 13 de enero del año citado. Salió en el Boletín Oficial de Orense.

Sentimos no tener a mano el Diccionario de Madoz, cuyo artículo sobre la Limia, contiene interesantes datos.

Los trabajos de desecación sirvieron, como todo sirve en tal ocasión, para la guerra. En octubre de 1837 los carlistas de Guillade, que traía por segundo a un don Juan Antonio de Garabelos de Baltar, y fiaba en un gran movimiento tradicionalista en La Limia, se atrincheraron en Ordes en las obras de desecación y sostuvieron con las fuerzas constitucionales del comandante de operaciones en el país, don Juan Gualberto Corcuera.

No deja de tener relación con estos recuerdos la empresa que en 1847 se formó para desecación y riegos con el título un poco de cabalgata carnavalesca de "La Nereida fertilizadora".

Sin recordar otros intentos como el de una aristocrática extranjera, no olvidemos el libro de don Francisco Javier Mugártegui y Parga "La empresa para el desagüe y saneamiento de la laguna Antela a los pueblos de la Limia" publicado en 1866 en Orense.

Terminemos con una evocación de Vicetto. Es de la fantasía novelesca "El lago de La Limia". La profecía de las sibilas tejedoras vuela sobre el lago que refleja "como una inmensa placa metálica los tres formidables castillos": al nacer la niña predestinada "las aguas de la Antela se rizaron como las de los mares, los "gayos" cantaron tristemente, los castillos se entrechocaron en el fondo como si lucharan entre sí y las negras nieblas del Buen Jesús y de Lodosedo los borraron del paisaje que se reflejaba en su oscilante linfa".

#### **IV.15. A Limia na "Historia de Galiza. Xeografía".**

"Outros chaos lamigosos, de verdeceres fondos e xóvenes na forza do vran pola lentura da terra, espellos de augas mortas esmaltadas de vida palustre, os graves ouros dos centeos, os cotos erguendo ruínas de torres,

largas e dereitas calzadas, farta economía pastoral e labrega de ton invernizo, forman en hourizonte de grandes serras os elementos para unha interpretación da Limia. Seu pobo centroso, Xinzo, alédase ca feira máis valente de Galiza. Súas colleitas de patacas, de centeo, súa fartura gandeira, demostran un alicerce e fonte esencial na economía. Cavilando no ritmo das paisaxes, a Limia ca súa lagoa en figura de folla estesa e dibuxada cuxo capio fora o río Limia siñifica o estaxe antigo (...)<sup>57</sup>

Espalla a lagoa seus craros ou embazados vidros, refrexadoiros dos ceus, ledicia das aves migradoiras aniñadas por milleiros nos outos xuncos, entre Vilar de Barrio, Sarreaus, Xinzo, Sandiás e Piñeira de Arcos, camiñando da banda nordeste e oroccidental, pobos a unha rasante de sobre 650 metros, ben de antigo agromados na chaira. Illós penedosos érguense non lonxe da lagoa como o da Medorra en Trandeiras, o de Piñeiraseca, o ben labrado e envolveito de matos da Pena, ca súa torre que afonda os hourizontes de Xinzo, non lonxe de Solveira, e o menos sinalado do Castelo vistoso de Sandiás. Polo sul a chaira espállase moito en tres sensos: deica Nocelo da Pena, Escornabois e Vila de Rei, nos lindes dos erguementos montesíos pechadoiros dos vales do Támega, na direición de Moreiras e Faramontaos en “facies” de folgo estreitado polas outuras de Cualedro e as de Blancos, e derradeiramente no correr do río Limia na direición de Porqueira e da ponte de Liñares onde se compre o trocamento de ritmos da Limia outa ou verdadeira Limia centrosa e a Limia Baixa<sup>58</sup>.

(...)Das catro grandes follas en que se ordea a terra propiamente limiá soio unha, a máis nordeira, case aberta á terra macedá, é a da lagoa de lindeiros non precisados, cambéantes asegún as sazós e os anos. As chairas son centeeiras e carballeirentas, van sobre calzadas os camiños, os pontillón e pasales de diferentes maneiras xurden nas pequenas ordeaciós de paisaxe, procuran os pobos os cotos. En conxunto o proceso vai amestando aspectos de lameiras, e herdades pechadas con sebes de albres, e as coores da gandra e súa relativa enxoiteza van sostitoíndo ós da lagoa. Cos grandes invernos, a lagoa volve a unha ilusión da larganza doutro tempo<sup>59</sup>.

#### **IV.16. A Lagoa de Antela en “Orense”<sup>60</sup>**

La tierra de la Limia hoy deshidratada por la Ingeniería reúne sus aguas en un canal artificial.<sup>61</sup>

Volaban sobre la laguna Antela, corazón de la pratense y bucólica Limia, hermosas palmípedas desde el cisne a la cerceta. Hoy la técnica la desecó para establecer prometedoras tierras de labor. Un paisaje ya abolido con sus rotos espejos reflejando los cielos grises.<sup>62</sup>

---

<sup>57</sup> OTERO PEDRAYO, Ramón, *Historia de Galiza*, Vol. 1, Buenos Aires, 1962, páx. 26.

<sup>58</sup> *Ídem*, páx. 132.

<sup>59</sup> *Ídem*, pp. 132 e 133

<sup>60</sup> OTERO PEDRAYO, Ramón, *Orense*, León, 1969. Trátase dunha guía da provincia de Ourense

<sup>61</sup> *Ídem*, páx. 16

<sup>62</sup> *Ídem*, páx. 145

## V. FLORENTINO L. CUEVILLAS

Florentino López Alonso-Cuevillas (Ourense, 14/11/1886 – 30/7/1958) pódese considerar como un dos pais da arqueoloxía científica en Galicia; aínda que tamén escribiu notables obras de narrativa, destacou como prehistoriador e etnógrafo.




Foto: Real Academia Galega

### V.1. O miliario de Zadagós en “Un novo miliario”<sup>63</sup>

Entre Baños de Bande e Porto-Quintela (...) foi atopada fai pouco tempo, atuada n-unha terra de labor a pedra miliaria qu’hoxe damos a conocer (...)

Por fortuna vense perfectamente os nomes de Julio Vero Maximino de do seu fillo, emperador o primeiro e César o segundo dende o ano de 235 en que foron proclamados pol-as guarnicións da Xermania, despois do asasinato d’Alexandro Severo, hatra o 238 en que morreron cando s’alcontraban pondo sitio á vila de Aquileya, a consecuencia d’unha revolta dos soldados da lexión II Pártica.

Hai na nosa provincia outras cinco miliarias que com’esta pertencen ó reinado dos Maximinos. Foron atopadas, unha na Portela do Home, outra en xinzo, a terceira en Zadagóa-Piñeira d’Arcos, a cuarta en Riocaldo-Lovios y-a quinta en Vilar de Santos. As dúas primeiras están rexistradas por Hübner no *Corpus Inscriptiones Hispaniae Latinae* c’os números 6.222 e 4.853 y-a terceira foi dada a conocer por D. Artur Vázquez Núñez c’o número 31 da súa *Epigrafía Latina de la provincia de Orense*, (B. C. M. de Orense, t. 3º, n.º 49, páx. 15).

Estas miliarias que puideron ser lidas por complot serviron para conmemorar as reparacións que na vía d’Astorga a Braga, núm. 18 do Itinerario d’Antonino fixéronse, ou pol-o menos acabáronse na época dos dous Maximinos.

Copiamos a continuación a atopada en Zadagós, con cuya axuda pódese complotar o que falta na descuberta en Baños de Bande:

IMP – CAES – C – IVLIVS  
VERVS – MAXIMINVS – PLVS – FEL  
AVG – GERM – MAX – DAC – MAX  
SARM – MAX – PONT – TRIB – POT – V – IMP  
VII – P – P – COS – PROCOS – ET – CIVLIVS  
VERVS – MAXIMVS – NOBILISSI  
MVS – CAES – GER – MAX – DAC – MAX

<sup>63</sup> *Nós*, n.º 7, 25/10/1921, páxs. 13 e 14.



**O Miliario de Zadagós na súa ubicación actual**

SARM – MAX – PRINCEPS – IVVEN  
TVTIS – FIL – D – N – IMP – CAES – ILVL  
VERI – MAXIMINI – PII – FEL – AVG  
VIAS – ET – PONTES – IN – TEMPORIBUS  
VETVSTATE – CONLAPSOS – RESTITVI  
PRCEPERVNT – CVRA – AGENTE – Q – DECIO  
LEG – AUGG – PR – PR – C – V –

Que traducida dice:

«O Emperador Cayo Xulio Vero Maximino, pío, feliz agosto, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, pontífice, revestida cinco veces da potesta tribunicia, sete veces emperador, pai da patria, cónsul procónsul, e Cayo Xulio Vero Máximo, César nobilísimo, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, príncipe da xuventu[de], fillo do noso señor o Emperador César Cayo Xulio Vero Maximino, pío feliz, agosto, mandaron componer os camiños y-as pontes c’o tempo derramara, baixo a dirección de Quinto Decio, legado agosto e propretor varón clarísimo»

Como se pode ver, a coincidencia das dúas pedras miliarias é casi ausoluta, podéndose encher valéndose da de Zadagós tçodol-os vacíos da de Baños de Bande, sin máis dificultá c’o espacio de cerca de dúas líneas (...)

Probablemente non habería indicación de millas a Braga, que faltan tamén nas pedras de Xinzo e Zadagós.

Estas miliarias y-as números 4.838, 4.847 e 4.854 de Hübner, que foron postas por Cayo Calpetano Rancio Quirinal Valerio Festo no ano 80 á terminación da vía son [as] únicas que fan referencia ás obras feitas na mesma.

## **V.2. Sobre a Prehistoria da Limia en “As mámoas do concello de Rairiz”<sup>64</sup>**

(...) Mais as mámoas do concello de Rairiz avencéllanse tan xeográficamente con outra bisbarra de grande intrés pra prehistoria de Galiza. Referímonos ás ribeiras d’Antela, ond’abondosos achádegos (pontas de saieta e machados de pedra, postes de madeira espetados nos lamazás, moreas de terra contendo carbós e testos cerámicos e ate un probabre barco monóxilo), fan supor a existencia de palafitos erguidos entr’as xunqueiras da lagoa e amostran qu’as terras limiás contaban xa dende moi antigo cúnha poboazón mesta, que por mor da veciñanza, tiña qu’estar culturalmente achegada ás poboazós montesías qu’inzaron de mámoas as serras do val superior do Limia, determinándose asina xeográficamente un foco de cultura neolítica-eneolítica con manifestazós de diversos xéneros e que debeu ser un dos máis estesos e importantes da Galiza.

---

<sup>64</sup> *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 178, A Coruña, 1925, pp. 235-236

### **V.3. Restos romanos en La Limia<sup>65</sup>**

La parroquia de Parada de Outeiro pertenece al Ayuntamiento de Vilar de Santos, y se halla emplazada casi en el extremo noroeste del valle diluvial de la Limia<sup>66</sup>.

Hace unos años, al abrirse una zanja no lejos de la iglesia parroquial, aparecieron enterradas, a una regular profundidad, cincuenta y tantas vasijas de barro, completamente nuevas, al parecer, enchufadas unas en otras, dos a dos, y colocadas en posición vertical y haciendo un círculo.

Estas vasijas, iguales todas, están fabricadas a torno con un barro blanco amarillento, bastante ordinario y bien cocido. Tienen forma abarrilada, miden 22 centímetros de alto y nueve y medio de diámetro en la boca, que presenta el borde sin ninguna inflexión, y en la porción más ancha ostentan una sencilla decoración constituida por dos incisiones anchas y profundas.

La atribución de estos vasos, pese a lo poco frecuente de su forma, a la época romana no ofrece ninguna duda, por la calidad del barro y la técnica de fabricación, y semeja que debían estar destinados a guardar granos o cualquier otra materia sólida.

Este hallazgo se completó en el de 1950 con otro mucho más importante, realizado al remover el suelo del atrio de la antigua y pequeña iglesia parroquial, para construir otra más espaciosa, cuya fachada se va a levantar en el lugar que ocupaba el presbiterio del antiguo templo.

Fue precisamente debajo de este presbiterio donde se descubrió un mosaico, cuyo tamaño y entero desarrollo ornamental no se conoce todavía, pero en el que aparecen ejecutados, con teselas principalmente blancas, rojas y negras, unos peces y una especie de estrellas. El pavimento de la construcción de que formaba parte el mosaico, constituido por un conglomerado de cemento sobre el que se extendían grandes ladrillos, se continuaba por el atrio bastantes metros, no habiéndose podido precisar dónde terminaba.

En nombre de Parada indica de un modo evidente la existencia de un camino y de un punto de descanso y de relevo de bestias de carga o de tiro. Como se sabe, la vía número 18 del Itinerario de Antonino tenía en la Limia baja una mansión, la de Aquis Querquernis, que se emplazaba en un punto exactamente determinado entre Porto Quintela y los Baños de Bande y subía después a la Limia alta, en la cual se hallaba la mansión de Geminas de 69 millas, y de tres el espacio que separa a Sandiás de Vilar de Santos, dando a la milla, en este trozo de vía, una equivalencia de 1.500 a 1.600 metros.

Sin pretender ahora entrar en un examen detenido de la cuestión, creemos que la aparición de abundantes restos romanos en Parada de Outeiro, el mismo nombre de esta localidad, el hecho de no tener generalmente un emplazamiento matemático los miliarios, los distintos

---

<sup>65</sup> *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI, Santiago, 1953, pp. 437-439.

<sup>66</sup> Ata o século XIX, a parroquia de Parada de Outeiro pertenceu ó antigo couto de Sandiás.

valores métricos de la milla y la circunstancia de no tenerse señalado en Sandiás vestigios tan importantes como en Parada, de los tiempos de la dominación romana, hacen que la identificación hasta ahora más admitida de la mansión de Geminas merezca ser revisada, examinándola a la luz que pueda prestar el estudio de los antiguos caminos y los hechos que acabamos de dar a conocer.

#### **V.4. Los misterios de la laguna Antela<sup>67</sup>**

No nos referimos ni a la ciudad de Antioquía hundida bajo el barro, ni a la princesa convertida en rana ni a los ejércitos del rey Artús metamorfoseados en mosquitos, pero es posible que lo que vamos a decir tenga relación con la ciudad, con la princesa y con los ejércitos, porque el pueblo gustaba casi siempre de tejer sus fábulas en la urdimbre de hechos reales y verídicos.

Es difícil creer que el antiguo lago Beón hubiera servido de asiento a palafitos semejantes en magnitud y riqueza de expolios a los de Suiza y norte de Italia, pero parece evidente en cambio, la existencia de grupos de población establecidos en los tremedales palustres, al parecer desde nuestra época megalítica.

En las "Antigüedades de Galicia" de Barros Sibeló se da cuenta del hallazgo, verificado durante las obras de desecación realizadas, a mediados del siglo pasado, por don Toribio Iscar Sáez y don Jerónimo Romero Aspiroz, de un mazo de serpentina y de una punta de flecha de base cóncava, y por otra parte Manuel Díaz Sanjurjo, habla de que al abrirse la carretera de Villacastín a Vigo se recogieron hachas de piedra y un tronco ahuecado con apariencia de piragua monóxila y de que se puso al descubierto un entramado de tablas, conservado evidentemente en el lodo, e igual a los usados para montar la vivienda palafíticas.

Pero a lo dicho hay que añadir aún la aparición de otra punta de flecha en Villar de Barrio, mencionada también por Barros Sibeló, y la existencia en terrenos muy próximos a la laguna de una serie bastante numerosa de montones de tierra, iguales en su forma a las sepulturas que en nuestra lengua gallega se denominan "mámoas", "medorras", "medoñas" y con varios nombres más.

Hace ya muchos años el erudito anticuario don Benito Fernández Alonso, que fue miembro activísimo de la Comisión de Monumentos de

---

<sup>67</sup> *La Noche: único diario de la tarde en Galicia*, n.º 11.627, Santiago de Compostela 21/6/1958, pp. 2 e 11. Este artículo guarda relación con una nova publicada no xornal *El Progreso* no ano 1953: "López Cuevillas espera halagüeños resultados de la exploración. Las investigaciones que se proyectan en la Laguna de Antela, en Ganzo de Limia, en busca de minerales que, al parecer, abundan allí, tales como el estaño, wolframio, rutilo y titanio, así como de metaloides como caolín, azufre y micas, cree que deben simultanearse con investigaciones arqueológicas, [así lo indica] el arqueólogo don Florentino López Cuevillas, en un artículo que acaba de publicar." *Vid. El Progreso*, n.º 14.359, 1/10/1953, pág. 8.



Ourense, exploró algunas de estas mámoas no hallando en ellas ningún material, y muy recientemente el ingeniero don Francisco Conde Valvís, tan conocido y estimado en las comarcas de Arnoya y del Limia, ha vuelto a reanudar las exploraciones de Fernández Alonso, con resultados semejantes a los por él obtenidos, pero pudiendo observar que cada una de las pequeñas mámoas encierra una especie de cista de reducido tamaño, del tipo de las llamadas cista, no megalíticas, y otros tipos de enterramiento por incineración, como los que se descubrieron en un castro ortegalés explorado por Federico Maciñeira y también en el famoso castro Morgadán en la parroquia luguesa de Lamas de Aguada.

Como se ve la Antela tiene un subido interés arqueológico con perspectivas que aquí no vamos desarrollar, y si es cierto que se van a hacer remociones de su fondo y en sus márgenes, bien será que se vigile para averiguar el alcance de los hechos que llevaron a la Limia a los paladines de la corte bretona, a la pobre princesa que croa sus desdichas y a la ciudad de Antioquía arruinada por un terremoto.

#### **V.5. Límica<sup>68</sup>**

(...) La Limia es solemne y grave como una campanada, salida de la Berenguela compostelana. Hay tierras cuya alma puede expresarse con las notas de un violín, o con las de una gaita, o de una guitarra; pero en la tierra de la Limia ancha, fuerte y llena de una robusta vitalidad, solo puede interpretarse con el sonar del órgano o del bronce. Y ello viene sin duda de su origen palustre, de las tradiciones pasadas, de las junqueras de su laguna, y de la majestad del pueblo romano que cruzó por ella.

En la laguna Antela está sumergida la ciudad de Antioquía, no la perla de Siria, sino otra Antioquía gallega que solo conocieron viejos paisanos que murieron ya hace mucho tiempo y sobre las aguas de esa laguna vuelan en el verano los ejércitos del rey Artús, convertidos en mosquitos. Todos los paladines de la Tabla Redonda, todos los caballeros del ciclo bretón, que llena una literatura muchas veces secular, que va desde las canciones de gesta hasta Tennyson y Wagner, están allí zambadores y molestos y cargados, según los médicos, de gérmenes palúdicos; pero ¿qué importan unos escalofríos y unas horas de fiebre si se ha tenido la honra de ser herido por la espada de Lanzarote o de Parsifal, o de ser quizá besado por la fresca boca de la reina Ginebra?...

La majestad romana pasa por la vía número 18 del itinerario de Antonio Pio y salpica aún a la propia villa de Ginzo, que apoya el vuelo de uno de sus balcones en la solidez cilíndrica y epigrafiada de una piedra miliaria, pero se aposenta sobre todo junto a Nocelo da Pena, en la "Civitas limicorum", que el genio investigador de don Marcelo Macías hizo resucitar de entre las ciudades muertas.

---


<sup>68</sup> CUEVILLAS, Florentino, *Cosas de Orense*, Ourense, 1969, pp. 323-325. Artículo publicado previamente en el diario *La Región*.

Ginzo ha sucedido a la antigua Civitas en la capitalidad de la Limia, pero hasta ahora no puede presentar, como ella, una lista tan nutrida de hijos ilustres. A un límico que fuera duunviro y flamín en Tarragona, algo así como alcalde y obispo, le dedicó un monumento la Hispania citerior. Otro, llamado Celer, daba espectáculo gladiatorios en el occidente de la Bética, y otros varios ocuparon posiciones distinguidas en varias ciudades de la Península, y por último, Idacio, el historiador que lloró sobre las ruínas del Imperio, era límico también y nacido en la Civitas.

Hay vieja majestad y vieja historia y nobles tradiciones en esta tierra llana, agujereada por grandes charcas y surcada por un río perezoso, que parece querer echarse a dormir en cada rincón, tendido en un lecho de juncos. Hay grandeza en la amplitud del horizonte, y gracia en los "carballos cerquiños" que rodean los predios, y frescor y manjares delicados a la sombra de los robledales de la Saínza. (...)



**Conmemoración do centenario da revista e da Xeración  
Nós, cunha biografía inédita de Urbano Santana Feijoo e  
textos de: Urbano Santana, Vicente Risco, Ramón Otero  
Pedrayo e Florentino L. Cuevillas**



**Concello de Sandiás**